

**ACTA NUMERO CINCO CORRESPONDENTE Á SESIÓN ORDINARIA DO PLENO DA CORPORACIÓN QUE TIVO LUGAR O DÍA 25 DE MARZO DE 2000.**

-----oOo-----

No Salón de Butacas do Teatro Principal, sendo as once horas e cinco minutos do día vintecinco de marzo de dous mil réunese, en sesión ordinaria e primeira convocatoria, o Pleno da Corporación do Concello de Pontevedra baixo a presidencia do Sr. Alcalde **D. Miguel Anxo Fernández Lores**, e coa asistencia dos Sres. Concelleiros **D. Xosé Cesáreo Mosquera Lorenzo**, **D. Raimundo González Carballo**, **D. Xosé Luis Bará Torres**, **D<sup>a</sup> María Salomé Alvarez Blanco**, **D. Miguel Anxo Vázquez Plaza**, **D<sup>a</sup> María dos Anxos Riveiro Portela**, **D<sup>a</sup> María Carmen da Silva Méndez**, **D. Xosé Luis Veiga Lage**, **D. Manuel Xesús Fontán Bouzas**, **D. Juan Luis Pedrosa Fernández**, **D<sup>a</sup> María Josefa Manzanares Perala**, **D. Francisco Arturo Pichel Márquez**, **D. Gerardo Zugasti Enrique**, **D. Enrique de la Peña Vieitez**, **D. José Manuel Fernández Rodríguez**, **D. Juan Enrique Magdalena Chan**, **D. Celestino Lores Rosal**, **D<sup>a</sup> María Teresa Casal García**, **D. Luciano Eusebio Santiago Esperón**, **D. Guillermo Antonio Meijón Couselo** y **D<sup>a</sup> María Dolores Elvira de Ozamiz Lestón**, non asistindo **D. Manuel Abeledo López**, **D. José Benito Suárez Costa** e **D. Roberto Jesús Taboada Rivadulla**, estando presente o Sr. Interventor, **D. Manuel Loureiro Blanco**, actuando como Secretario **D. Julio Dapena Outomuro**, que dá fe do acto.

O Sr. Alcalde declara aberta a sesión e antes de comezar a trata-los asuntos da orde do día disculpa a non asistencia de **D. Roberto Taboada Rivadulla**, que ten unha reunión en Santiago e tamen de **D. Manuel Abeledo López** e don **José Benito Suárez Costa**.

Seguidamente, o Pleno da Corporación, por unanimidade, acorda expresa-lo seu pesar polo pasamento de dona **Teresa Rodríguez Castelao**.

**ORDE DO DÍA**

**1.- ACTA ANTERIOR: APROBACIÓN DO BORRADOR DA ACTA DA SESIÓN ORDINARIA DO DÍA 26 DE FEBREIRO DE 2000.**

Dáse conta do borrador da acta da sesión plenaria ordinaria do día 26 de febreiro de 2000, que se aproba por unanimidade e sen modificación ningunha.

**2.- ÓRGANOS DE GOBERNO: DELEGACIÓN DE ATRIBUCIÓNS NA COMISIÓN DE GOBERNO PARA A CONCESIÓN DE BONIFICACIÓNS ROGADAS SOBRE A COTA DO IMPOSTO MUNICIPAL DE CONSTRUCCIÓNS, INSTALACIÓNS E OBRAS, REALIZADAS NO PARQUE EMPRESARIAL DO CAMPIÑO.**

Dáse conta do dictame, favorable por unanimidade, da Comisión de Economía, Facenda e Patrimonio á delegación de atribucións na Comisión de Goberno para a concesión de bonificacións rogadas sobre a cota do Imposto municipal sobre Construccións, Instalacións e Obras, realizadas no Parque Empresarial do Cam-

piño.

Aberto o debate, concédese a palabra a don Xosé Luis Veiga Lage, en representación do grupo municipal do Bloque Nacionalista Galego, o cal manifesta que este Pleno no mes de setembro ou outubro acordou, cara a revitalizar e dinamizar-lo Polígono Empresarial do Campiño, conceder unha bonificación do 50% no imposto sobre construcións, así como unha subvención á compra de terreos cando se tiñan determinadas características e a práctica demostrou que foi unha medida sumamente acertada, porque o Polígono do Campiño pasou dunha situación que se podía definir como de explotación agrícola extensiva a ter un índice de dinamismo e de ocupación realmente sorprendente nun período de tempo pequeno, actualmente tense vendido o 46%, reservado o 16% e queda dispoñible o 38% do Polígono, incluso empézase a dá-la circunstancia de que agora mesmo empresas dun tamaño medio alto xa terían dificultades para instalarse e de aí que se pense na posibilidade de amplialo; o feito de propoñer que a bonificación recaiga sobre a Comisión de Goberno é basicamente unha cuestión de dinamismo para de poder axilizar as licencias e ese é o motivo polo que se propón.

Seguidamente intervén don Guillermo Meijón Couselo, en representación do grupo municipal do Partido dos Socialistas de Galicia-PSOE, dicindo que o seu grupo vai mante-lo voto afirmativo que no seu día expresou na Comisión e quere con este voto expresar un acto de confianza cara o equipo de goberno, que permita esa axilización que se pretende e ademais porque cre que as garantías mediante un acto regrado por Comisión de Goberno están perfectamente especificadas e incluso se pasara algún problema grave o Pleno podería volver a recuperar isto, polo tanto, repite, mantén o voto e con isto expresa a confianza en que o equipo de goberno saiba responder.

Rematado o debate, o Pleno da Corporación, por unanimidade, prestou a súa aprobación ó proxecto de acordo nos termos seguintes:

Dáse conta de proposta do Concelleiro Delegado da Área de Xestión e Xeración de Recursos, do teor literal seguinte:

A vixente Ordenanza fiscal reguladora do Imposto municipal sobre Construcións, Instalacións e Obras, publicada no Boletín Oficial da provincia nº 224, do día 22 de novembro de 1999, no seu artigo 6º establece que "as construcións, instalacións e obras realizadas no Parque Empresarial do Campiño gozarán dunha bonificación do 50% na cota do imposto... e que esta bonificación terá carácter rogado correspondendo ó Pleno da Corporación a súa concesión, previa solicitude do suxeito pasivo, co voto favorable da maioría simple dos seus membros".

Publicado o texto íntegro da Ordenanza fiscal, resulta conveniente axilizar-la tramitación das solicitudes de bonificacións que se puideran presentar delegando na Comisión de Goberno as atribucións precisas para a súa resolución tendo en conta que a concesión da bonificación será un acto regrado ó determinalo devandito artigo que as instalacións, construcións e obras que se realicen no Parque Empresarial do Campiño

"gozarán" da bonificación debido a circunstancias sociais e de fomento de emprego que concorren, o que apreciará previamente a Comisión Informativa Permanente de Economía, Facenda e Patrimonio.

Tendo en conta que o artigo 22-4 da Lei 7/1985, Reguladora das Bases do Réxime Local, autoriza ó Pleno da Corporación para delegar aquelas outras atribucións que expresamente lle confiran as leis (art. 22-2-q), esta Delegación propón ó Pleno da Corporación, previo dictame da Comisión Informativa de Economía, Facenda e Patrimonio, a adopción do seguinte

ACORDO:

Delegar na Comisión de Goberno as atribucións precisas para a resolución das solicitudes de bonificacións do 50% na cota do Imposto municipal sobre Construcións, Instalacións e Obras realizadas no Parque Empresarial do Campiño, as cales exerceranse de xeito regrado, previo dictame da Comisión Informativa Permanente de Economía, Facenda e Patrimonio.

O Pleno da Corporación, por unanimidade e de conformidade co dictame da Comisión Informativa Permanente de Economía, Facenda e Patrimonio, acorda aproba-la proposta nos seus propios termos.

**3.- FUNDACIÓN MONTE CASTROVE: MODIFICACIÓN DOS ESTATUTOS DA FUNDACIÓN MONTE CASTROVE.**

Dáse conta de proposta da Alcaldía de data 16 de marzo de 2000, do teor literal seguinte:

Vista a comunicación efectuada pola Xerencia da Fundación Monte Castrove, na que se dá traslado do acordo adoptado polo Padroado da Fundación Monte Castrove, na sesión que tivo lugar o 24 de febreiro do 2000, de someter dentro do mes de marzo do ano en curso, "á ratificación plenaria polos Concellos e institucións membros da Fundación, a aprobación da modificación dos Estatutos tomada polo Padroado da Fundación na súa sesión de 22 de decembro de 1999, e a Resolución da Consellería de Cultura, Comunicación Social e Turismo da Xunta de Galicia de data 10 de febreiro de 2000, na que autoriza dita modificación dos Estatutos nos artigos 10.2, 18.1.1 e 21.2".

O Pleno da Corporación na sesión que tivo lugar o 17 de xaneiro de 1997 acordou a integración do Concello de Pontevedra na referida Fundación, prestando aprobación ós seus estatutos, nos que se recollía entre outras cousas unha aportación económica por parte dos Concellos fundadores e a Presidencia asignábase ó Alcalde de Pontevedra.

Con posterioridade fixéronse unha serie de modificacións no articulado dos referidos Estatutos, co fín de conquistar a declaración de interese galego da referida Fundación, que se aprobaron polo Pleno da Corporación na sesión que tivo lugar en xaneiro de 1998.

Hai uns meses plantexouse a necesidade de dispoñer de mais cartos para continuar as inversións iniciadas e facer fronte ós gastos de mantemento, barallándose varias alternativas, acordándose por unha parte anticipar o inicio do cobro das cotas ós asociados e efectuar unha nova aportación por parte dos

concellos, ó que esta Alcaldía opúxose por estimar que quen deberían asumir o pago destes cartos deberían ser por un lado os socios en canto o mantemento e por outro, ó tratarse dunha actuación de interese supramunicipal, outras administracións (Xunta de Galicia, Deputación, Consello Superior de Deportes).

Isto levou a que xurdiran unha serie de diferencias entre os membros do Padroado, plantexándose a modificación dos Estatutos, no senso de establecer:

a) A designación do Presidente e Vicepresidente por votación, proponendo a Alcaldía de Pontevedra polo contrario que o referido cargo fose ocupado por tódolos concellos con carácter rotatorio cada dous anos.

b) Que os padronos, excepto a Agrupación Deportiva Chan do Fento, puideran ser obrigados a desembolsar maiores aportacións para financiar as obras de infraestruturas presentes e futuras, puidendo o Padroado, no caso de que alguén non aceptara a mesma, obrigar ó disidente a abandonar a Fundación. Igualmente esta Alcaldía opúxose defendendo a permanencia no Padroado, aínda que alguén non efectúe a súa aportación.

c) Unha serie de determinacións no caso de disolución.

A referida modificación foi aprobada pola maioría dos membros do Padroado, co voto en contra deste Concello, sendo autorizada a mesma mediante Resolución de 10 de febreiro de 2000 do Conselleiro de Cultura, Comunicación Social e Turismo, como Consellería que exerce as funcións de protectorado.

Polo exposto esta Alcaldía propón o Pleno da Corporación: Primeiro.- Rechaza-la modificación acordada polo Padroado da Fundación Monte Castrove na sesión que tivo lugar o 22 de decembro de 1999, dos artigos 10.2, 18.1.1 e 21.2, e autorizada por Resolución de 10 de febreiro de 2000 da Consellería de Cultura, Comunicación Social e Turismo, coa seguinte redacción:

"Artigo 10.2.- O Padroado estará integrado por un membro representante de cada entidade pública ou privada compoñente da Fundación. Tendo cada membro voz e voto.

a) Presidente: será elixido por votación entre os membros do Padroado cada dous anos.

b) Vicepresidente: será elixido por votación entre os membros do Padroado cada dous anos.

c) Vocais: persoas físicas nomeadas polos organismos fundadores.

d) Secretario: con voz e voto, que será designado polo Padroado de entre os seus vocais.

O Secretario realizará a convocatoria das sesións ordinarias e extraordinarias por orde do Presidente.

Así mesmo, levantará acta das sesións do Padroado e as autorizará co visto e prace do Presidente.

As certificacións de acordos do Padroado será expedidas con estas mesmas sinaturas.

Artigo 18.1.1.- É vontade do Padroado que se fora necesaria unha maior aportación concorran á mesma tódolos padronos, excepto a Agrupación Deportiva Chan do Fento, co mesmo crite-

rio que se seguiu para a constitución, é decir, en función do número de habitantes.

Esta vontade referirase unicamente ás obras de infraestructura actuais ou futuras da Fundación en tódolos seus ámbitos, os gastos de mantemento das instalacións actuais e futuras serán por conta dos aboados á Fundación; a cal determinará a forma ordinaria ou extraordinaria de cubrir dito mantemento, sendo as directrices da Fundación en tódolos seus ámbitos, de obrigado cumprimento para os aboados, a partir da apertura dos 9 foxos. O incumprimento poderá acarrear a súa baixa por acordo do Padroado.

Unha vez acordada por votación, polo Padroado da Fundación determinada aportación económica, e si algún no quixera concurrir a ela, poderán os demais obrigarlle a abandoa-la Fundación previa votación, requirindo neste caso as maiorías establecidas no artigo 13.3 do Regulamento de Organización e Funcionamento do protectorado das fundacións de interese galego.

Artigo 21.2.- O acordo de disolución determinará a forma en que se procederá á liquidación dos bens pertencentes á Fundación.

O Consello da Xunta de Galicia designará unha comisión liquidadora constituída por tres peritos de recoñecida profesionalidade, non vinculados á Fundación nos cinco anos anteriores ou seu nomeamento, que elevarán ó Consello unha proposta sobre o procedemento para formalizar a súa disolución, e de acordo co disposto no artigo 42.1 e) da Lei 30/94, de Fundacións e incentivos fiscais á participación privada en actividades de interese xeral."

Segundo.- Traslada-lo presente acordo ó Padroado da Fundación Monte Castrove.

Aberto o debate, intervén en representación do grupo municipal do Bloque Nacionalista Galego, don Manuel Xesús Fontán Bouzas, dicindo que, antes de explica-la modificación dos estatutos elevada ós diferentes Plenos dos Concellos que forman parte do Padroado da fundación, cre que é necesario contextualizar todo o proceso no que se ven desenvolvendo o tema do campo de golf e da Fundación Monte Castrove, desde a chegada do Bloque Nacionalista ó goberno municipal asúmese por parte desta Alcaldía a Presidencia da fundación do campo de golf, o que supuxo desde a súa perspectiva un exercicio de responsabilidade e ademais un exercicio de respecto democrático a un acordo e un proxecto que estaba acordado pola anterior Corporación, pero en todo caso mantendo con claridade meridiana a súa posición xa anterior de que o Concello de Pontevedra non debería de aportar cartos para financiamento de infraestructura e para a construción dese campo de golf, por tratarse dunha infraestructura supramunicipal e que polo tanto debería de financiarse por outras institucións, como a Xunta de Galicia, a Deputación e o Consello Superior de Deportes, nese contexto por parte da presidencia fíxose todo o posible para que este campo fose unha realidade canto antes, fíxose un importantísimo exercicio de xestión por parte do Alcalde en diferentes

institucións buscando financiamento e axilizando moitos dos pagos retrasados, obténdose un compromiso de aportación a través da realización dun campionato europeo feminino de golf por parte do Consello Superior de Deportes e polo tanto nese contexto de boa xestión e de sacar cousas adiante é no que se suscita que os concellos aporten unha cantidade de cartos novamente en función de retrasos, imprevistos nas obras, mantemento, canon á Comunidade de Montes e por outros gastos da xerencia e da oficina, e desde a súa óptica isto é indubidable que se forzou politicamente coa única finalidade de crear un desgaste político neste goberno municipal e que foi o único motivo real que existiu para que os concellos tivesen que aportar cartos e se suscitase na fundación esta cuestión, porque podería propoñerse igualmente que esa cantidade de 16 millóns de pesetas que se lle pedía ós concellos a aportasen institucións que teñen moitísima máis capacidade financeira, como é o Consello Superior de Deportes ou a propia Xunta de Galicia, iso sería o razoable nun proxecto como este, que é un proxecto supramunicipal que debería asumirse por esas institucións; en canto á modificación dos estatutos, trátase dunha proposta do Padroado e son, a primeira delas que a designación do Presidente e Vicepresidente se realice por votación, propoñendo por parte da Alcaldía de Pontevedra que o referido cargo se ocupara por tódolos concellos con carácter rotatorio cada dous anos, que lle parece moito máis apropiado para unha fundación da que forman parte tantos concellos como esta; a segunda que os membros do Padroado, excepto a agrupación deportiva Chan do Fento que tamén porma parte, poideran te-la obriga de desembolsar maiores aportacións para financias-las obras de infraestrutura presentes e futuras, puidendo o Padroado, no caso de que alguén non aceptara a mesma, obrigar ó disidente a abandonar a fundación; neste aspecto ten que dicir que o primeiro tema cre que está claramente explicado, a súa posición é absolutamente contraria a que se aporte máis cartos e, no segundo, en canto a propoñer por parte da fundación a posibilidade de expulsar a algún membro, non só son contrarios senón que ademais se tomarán por parte do goberno municipal as pertinentes medidas xurídicas, porque dubidan clarísimamente de que sexa legal esa medida; en canto á aportación por parte do Concello de Pontevedra, cre que nestes momentos hai unha serie de necesidades acuciantes de melloras nas instalacións deportivas municipais, así como de grandes proxectos que hai á vista e que polo tanto non entra dentro das prioridades deste goberno municipal a aportación económica.

Intervén seguidamente don Luciano Santiago Esperón, en representación do grupo municipal do Partido dos Socialistas de Galicia-PSOE, para explicar e dar razón do que é a súa postura en relación co tema do Monte Castrove, pois este acordo que se trae ó Pleno evidentemente ten dúas partes sobre as que xa no Pleno de agosto manifestaron que se ían abster, en coherencia co defendido polos seus compañeiros do anterior grupo municipal socialista, e por iso se absterán agora, o que non deixa

de ser menos certo é que xa no seu día o grupo municipal socialista rexeitou, e seguen rexeitando, a utilización política dunha fundación que se presenta con idea de consenso e con idea de presidencias rotatorias e, con independencia de quen sexa o presidente en cada momento, a presidencia debe considerarse institucional; cando na Fundación do Monte Castrove se suscita eliminar a algún Alcalde concreto da presidencia da fundación, non está a eliminar ó Alcalde senón a unha institución e pretende introducir un mecanismo de sanción, un mecanismo de exclusión dos concellos institucionalmente alí representados, este segundo aspecto da cuestión rexeitárono no seu día, apoiando ó equipo de goberno e o portavoz municipal do grupo socialista presentouse nunha rolda de prensa co Alcalde desta cidade rexeitando este tipo de instrumentalizacións políticas pero, en coherencia coa postura que mantivo neste asunto, vai mante-la súa abstención neste tema, aínda que rexeite ese intento instrumentalizador político da fundación.

A continuación concédese a palabra ó portavoz do grupo municipal do Partido Popular, don Juan Luis Pedrosa Fernández, el cual manifiesta que traer a este Pleno la modificación de los estatutos de la Fundación Monte Castrove, que vaya a votar el grupo de gobierno en contra y que haya sido el señor Alcalde quien la provocó en el seno de la fundación, le parece el colmo de los despropósitos, evidentemente el Partido Popular no va a votar ni en contra ni a favor, no puede votar a favor porque fue una exigencia de este portavoz en su día el que la presidencia de la fundación la obstentase el Alcalde de Pontevedra, con el orgullo de ser el Ayuntamiento de Pontevedra quien lideró una iniciativa de este tipo, pionera en España y entiende que muy beneficiosa para toda la comarca, tampoco puede votar en contra porque siente vergüenza ajena de que sea el actual Alcalde de Pontevedra el que la provocó por el empecinamiento de no aportar siete millones de pesetas y le recuerda que para el Año Castela en los Presupuestos aportan veinte millones de pesetas, simplemente a título comparativo, y por empecinarse el señor Fernández Lores en navegar en la dirección contraria a los siete Ayuntamientos restantes que forman la fundación, no importándole para nada perder el liderazgo de un proyecto generador de riqueza para toda la comarca, proyecto que hasta el Alcalde estrella del Bloque, el señor Alcalde de Allariz, vino a copiar para llevar a cabo un proyecto parecido, pero no sólo el Alcalde de Allariz sino que otras muchas provincias de todo el territorio español pasaron por este campo de golf para copiar como se había hecho porque les parecía una gran idea; en el Partido Popular sienten mucho que el señor Alcalde sea corto de miras, que no sepa reconocer públicamente que se ha equivocado, que cambie su postura y que aporte esos siete millones de pesetas, pues si hubiese hecho esto no se correría el riesgo de perder esa presidencia de la fundación, por todos estos motivos va a abstenerse en este punto.

Novamente intervén o señor Fontán Bouzas, dicindo que col-

mo dos despropósitos efectivamente houbo durante tempo e agora máis recalcado no momento que se suscitou este tema, indubidablemente en Allariz, por exemplo, cubríronse outras necesidades antes de propoñer un campo de golf, pero Pontevedra nestes momentos ten o peor estadio municipal de fútbol de toda Galicia, un estadio tercer mundista, ten necesidades absolutamente acuciantes por estar durante anos abandonadas as infraestructuras deportivas municipais, ten serios problemas incluso de ter que tirar paredes de pavillóns que se caían e que corrían grave risco, ten necesidade absoluta dunha nova piscina, queren construí-la pista de piragüismo olímpica no Pontillón do Castro e sen embargo para iso non hai disposición nin hai nin sequera un posicionamento por parte do Ministerio, polo tanto cre que está absolutamente claro que é o prioritario en Pontevedra e iso non quita desde logo que o golf sexa importante e que poida supoñer un desenvolvemento turístico para a comarca e para o concello, pero no seu momento e cubrindo antes as necesidades da maioría e de deportes asentados, non se trata de connotarlle carácter pexorativo ningún ó golf, porque por exemplo a ninguén se lle ocorrería promover o jockey sobre herba, que pode ser un deporte moi popular en Cataluña ou noutras zonas, antes de cubrir as necesidades que ten nestes momentos, polo tanto trátase dunha cuestión de prioridades e cre que se descoñecen as necesidades que existen, pois con sete millóns de pesetas pódense facer algunhas cousas importantes, como por exemplo substituí-las pistas que do pavillón multiusos que nestes momentos destrózanlle as articulacións a moitos dos rapaces e rapazas que entrenan alí ou cousas desa índole que quizais para o grupo popular non teñen importancia, pero desde logo para esta Concellería de Deportes e para o grupo de goberno a teñen.

Volve a concedérselle a palabra ó señor Pedrosa Fernández, el cual manifiesta que evidentemente puede presumir de que conoce bastante mejor que el señor Fontán las carencias de este Ayuntamiento, simplemente porque ha sido Alcalde cuatro años, pero al grupo de gobierno parece que el árbol no les deja ver el bosque, porque no se está hablando aquí simplemente de una cuestión deportiva ni muchísimo menos, se está hablando de algo tan importante como puede ser rebajar la licencia a una empresa que se instala en O Campiño, esto puede considerarse incluso algo parecido, se trata de un proyecto generador de riqueza y se está hablando de siete millones de pesetas, pero las carencias que ha mencionado el señor Concejel pueden suponer más de cinco mil millones de pesetas, un estadio nuevo, las pistas, un pabellón, por lo tanto no tiene absolutamente nada que ver una cosa con la otra y esto es un empecinamiento del señor Alcalde y si tanta necesidad hay y si con siete millones puede hacer tanto, convenza al señor Alcalde para que no se gaste veinte millones en el año Castelao.

Rematado o debate, o Pleno da Corporación, por maioría, co voto favorable de dez Concelleiros (os 10 do grupo municipal do Bloque Nacionalista Galego) e coa abstención de doce Conce-



lleiros (os 8 presentes do grupo municipal do Partido Popular e os 4 presentes do grupo municipal do Partido dos Socialistas de Galicia-PSOE) e de conformidade co dictame da Comisión Informativa Permanente de Réxime Interior e Persoal, acorda:

PRIMEIRO.- Rechaza-la modificación dos artigos 10.2, 18.1.1 e 21.2 dos Estatutos da Fundación Monte Castrove, acordada polo Padroado da Fundación Monte Castrove na sesión que tivo lugar o 22 de decembro de 1999 e autorizada por Resolución de 10 de febreiro de 2000 da Consellería de Cultura, Comunicación Social e Turismo.

SEGUNDO.- Traslada-lo presente acordo ó Padroado da Fundación Monte Castrove.

#### **4.- CONSELLO ECONÓMICO SOCIAL: APROBACIÓN DEFINITIVA DO REGULAMENTO DO CONSELLO ECONÓMICO SOCIAL, CREADO POLO PLENO DA CORPORACIÓN.**

Dáse conta do dictame, favorable por unanimidade, da Comisión Economía, Facenda e Patrimonio, á aprobación definitiva do Regulamento do Consello Económico Social, creado polo Pleno da Corporación.

Aberto o debate, concédese a palabra a don Xosé Luis Veiga Lage, en representación do grupo municipal do Bloque Nacionalista Galego, o cal manifesta que o Consello Económico Social nace a partir dunha moción presentada polo Partido Socialista, moción que dende o primeiro momento apoiouse tanto polo Partido Popular como polo Bloque Nacionalista Galego, xa que tódolos grupos presentes neste Pleno levaban no seu programa a creación deste Consello, no seu regulamento se recolleron tódalas aportacións que chegaron de diversos axentes sociais e dos grupos aquí presentes, así mesmo na Comisión de Facenda que tivo lugar esta semana recolléronse practicamente tódalas alegacións presentadas tentando facer sempre un exercicio de alcanza-lo máximo consenso posible, xa que considera que un organismo como o Consello Económico Social, de concertación e de diálogo, debe cumprir esa función de acadar un consenso e unha unanimidade máxima e neste sentido cre que só queda felicitarse por alcanzar esa situación.

Seguidamente intervén don Guillermo Meijón Couselo, en representación do grupo municipal do Partido dos Socialistas de Galicia-PSOE, agradecendo ó señor Veiga que recorde a iniciativa socialista neste punto e se congratula de que por fin poida levarse adiante o Consello Económico Social e ademais espera que por parte do equipo de goberno e do conxunto da Corporación se lle poida dar a axilidade suficiente como para que teña sentido este consello; é verdade que chegou recentemente ó Concello un fax de Comisións Obreiras e UXT no que manifestaban certos problemas con algunha das alegacións aceptadas no día de antonte, de entrada ten que felicitar ás dúas organizacións sindicais polo seu traballo durante a concepción do CES pois as súas alegacións sen dúbida enriqueceron o proxecto, parece ser que hai algún problema de información en canto ó que eles pensaban sobre como quedaba a alegación con respecto ó membro representante da economía social e o único

que pode dicir é que se garantirá que a persoa que ocupe ese posto sexa mediante un carácter democrático representativo e que quede amparada polo tanto a representatividade das distintas organizacións que tanto preocupa a estes sindicatos, ós que repite a felicitación pola colaboración como na redacción do CES.

Rematado o debate, o Pleno da Corporación, por unanimidade, prestou a súa conformidade ó proxecto de acordo nos termos seguintes:

Examinado o expediente tramitado para aprobación do Regulamento do Consello Económico Social, resultan acreditados os seguintes

#### FEITOS:

1º.- O Pleno da Corporación, na sesión que tivo lugar o día 29 de xaneiro de 2000, prestou aprobación inicial ó proxecto de Regulamento do Consello Económico Social, someténdose a trámite de audiencia e información pública por un período de trinta días hábiles, contados a partir do seguinte a súa publicación no Boletín Oficial da Provincia nº 37, de 23 de febreiro.

2º.- Durante o período de información pública presentáronse alegacións pola Federación de Cooperativas Sinerxia e polas Organizacións Sindicais UGT e CCOO.

3º.- A Comisión Informativa Permanente de Economía, Facenda e Patrimonio, na reunión que tivo lugar o día 23 de marzo, dictaminou favorablemente o proxecto de Regulamento do Consello Económico Social aprobado inicialmente polo Pleno da Corporación incluíndo no texto do mesmo as modificacións resultantes das alegacións aceptadas.

#### FUNDAMENTOS XURÍDICOS:

I.- Que de conformidade co establecido nos artigos 22.2-d) e 49-c) da Lei 7/85, de 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, corresponde ó Pleno da Corporación a resolución das alegacións presentadas e a aprobación definitiva, por se tratar dunha disposición de carácter xeral.

O Pleno da Corporación, por unanimidade e de conformidade co dictame da Comisión Informativa Permanente de Economía, Facenda e Patrimonio, acorda:

PRIMEIRO.- Non atende-la alegación das organizacións sindicais referida ó último parágrafo do artigo 3º do Regulamento por coincidir substancialmente co contido da redacción inicial, e aceptar as referidas ó segundo parágrafo do apartado d) do artigo 8 permitindo a asistencia de "especialistas técnicos ou persoas competentes na materia", e engadindo un apartado f) ó devandito artigo 8 do seguinte teor: "poderán formarse comisións de traballo que, por encargo do Pleno, desenvolvan un traballo específico que se considere necesario e informen ó Pleno do seu desenvolvemento e conclusións. Asemade acepta-la alegación formulada pola representación da Federación de Cooperativas Sinerxia incluíndo no artigo 4 (Composición do Consello) un representante do sector da Economía Social.

SEGUNDO.- Prestar aprobación definitiva ó Regulamento do Consello Económico Social coas modificacións resultantes das alegacións aceptadas, dispoñendo a publicación do seu texto íntegro no Boletín Oficial da Provincia, co seguinte teor literal:

#### PREÁMBULO

O Consello Económico e Social do Concello de Pontevedra créase como ente consultivo en materia socio-económica e laboral co obxecto de ser un foro permanente de diálogo e deliberación entre os axentes económicos e sociais e o Goberno Municipal, coa finalidade de facilitar que no proceso de adopción de decisións se tome en conta a opinión dos diversos axentes económicos e sociais existentes no Concello.

O Consello Económico e Social configúrase como un ente institucional de dereito público, consultivo do Goberno Municipal, que facilita a participación dos axentes económicos e sociais na toma de decisións de carácter económico-social e laboral.

O Consello Económico e Social do Concello de Pontevedra é un órgano colexiado de participación que se constitúe ó amparo do establecido na Constitución Española, artigos 9-12 e 23-1; na Lei 7/85 Reguladora das Bases do Réxime Local, artigos 4-1º a, 20-23; na Lei 30/92 do Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común (artigos 22 a 29 e disposición adicional 1ª); na Lei 5/97 de Administración Local de Galicia (artigos 59-3 que sinala os requisitos para a creación de órganos complementarios de goberno, e o artigo 71 que atribúe ó Pleno competencia para crear órganos de participación sectorial); no Regulamento de Participación cidadá (B.O.P. nº 78 de 27-4-99) o artigo 2-e e a disposición adicional 4ª que faculta ó Pleno da Corporación para a creación e regulación dos Consellos Territoriais; e no Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais (artigos 130 e 131) que autoriza a creación, composición, organización e ámbito de actuación dos Consellos Sectoriais mediante acordo plenario.

#### TÍTULO I

##### Disposicións xerais

##### Artigo 1.- Creación e denominación

Créase o Consello Económico e Social do Concello de Pontevedra, coa finalidade, natureza, funcións, composición e estrutura que se establecen no presente acordo.

##### Artigo 2.- Finalidade

O Consello Económico e Social configúrase como un instrumento básico de participación, negociación e concertación dos axentes económicos e sociais para asesorar e transmitir opinións á Administración Local, Autonómica e Central co fin de fomentar o desenvolvemento económico e o pleno emprego no seu ámbito territorial.

O Consello Económico e Social configúrase como un órgano colexiado de carácter consultivo, que facilita a participación e comunicación permanente entre os distintos intereses econó-

micos e sociais do Municipio e de asesoramento e diálogo entre estes e o Concello.

#### Artigo 3.- Funcións

O Consello Económico e Social terá as seguintes funcións:

- Ser informado sobre os criterios e liñas xerais do anteproxecto de orzamentos municipais ós efectos do seu coñecemento e valoración en relación ás materias socio-económicas.

- Servir de canle de participación e diálogo dos interlocutores sociais no debate de asuntos socio-laborais co fin de obter acordos tendentes á busca de solucións á problemática económico-laboral existente no ámbito territorial do Concello.

- Propor solucións e criterios de actuación fronte a situacións de crise en sectores determinados para a adopción dos acordos que correspondan por parte do Concello.

- Coñecer as medidas e actuacións de planificación económico e sociais que sexan tomadas polo Concello.

- Elaborar informes, dictames ou estudos, de oficio ou a instancia do Concello, en calquera asunto de carácter económico e social.

- Avaliar anualmente, dentro do primeiro trimestre de cada ano, a situación económica e social do Concello

### TÍTULO II

#### Composición

#### Artigo 4.- Composición

O Consello Económico e Social terá a seguinte composición:

a) O Presidente que será o Alcalde ou membro da Corporación Municipal en quen delegue.

b) Un representante designado polas Asociacións Empresariais existentes no Concello.

c) Un representante da Cámara de Comercio.

d) Un representante de Caixa Pontevedra ou entidade que resulte da súa fusión con Caixa Vigo-Caixa Ourense.

e) Un representante de cada grupo político municipal.

f) O Delegado Provincial da Consellería da Xunta de Galicia que teña conferidas as competencias en materia de promoción económica e emprego.

g) Un representante do Campus Universitario de Pontevedra.

h) Un representante da Federación de Asociacións de Veciños de Pontevedra.

i) Un representante de cada unha das Centrais Sindicais mais representativas.

j) Un representante do sector da Economía Social.

k) Un Secretario Xeral.

#### Artigo 5.- Designación e duración do mandato

Os membros do Consello serán designados e nomeados para un mandato de catro anos, renovable por períodos de igual duración. Cada un dos representantes poderá ter un substituto que exercerá as súas funcións en caso de ausencia xustificada.

Os membros do Consello serán designados polos órganos competentes das diversas asociacións, entidades e organizacións indicadas anteriormente. Poderán ser substituídos polas entidades, organizacións ou asociacións que os designen e os no-

meados permanecerán no seu cargo, como máximo, polo tempo que lle reste ó substituído para o cumprimento do seu mandato.

#### Artigo 6.- Cesamento

Os membros do Consello cesarán ou perderán a citada condición por algunha das seguintes causas:

- a) Cumprimento do mandato para o que foi elixido.
- b) Renuncia expresa ante o Presidente do Consello e, no caso deste, ante o Pleno do Consello
- c) Declaración de incapacidade ou inhabilitación para desempeño de cargo público, por sentenza xudicial firme.
- d) Proposta das entidades e asociacións que promovesen a súa designación.

### TÍTULO III

#### Funcionamento

#### Artigo 7.- Órganos do Consello Económico e Social

O Consello Económico e Social do Concello de Pontevedra para o exercicio das súas funcións actuará a través dos seguintes órganos:

- Pleno
- Presidente
- Vicepresidente
- Secretario.

#### Artigo 8.- O Pleno

a) O Pleno é o órgano supremo de decisión e formación da vontade do Consello.

b) O Pleno estará integrado pola totalidade dos membros mencionados no artigo 4º apartados a), b), c), d), e), f), g), h), i), e j), baixo a dirección do Presidente e asistido polo Secretario Xeral.

c) O voto dos membros do Pleno será persoal e non delegable; recoñecéndose o dereito dos discrepantes a formular votos particulares, que deberán unirse á resolución correspondente.

d) O Pleno reunirase en sesión ordinaria, cando menos, cuatrimestralmente. Así mesmo poderá reunirse con carácter extraordinario por iniciativa do Presidente ou dun tercio dos seus membros.

Ás citadas sesións poderán asistir especialistas técnicos ou persoas competentes na materia cando se considere necesario, os cales participarán con voz máis sen voto.

e) Para a válida actuación do Pleno será necesaria a maioría absoluta, en primeira convocatoria, e a asistencia de alomenos un tercio dos seus membros en segunda convocatoria. En todo caso será necesaria a asistencia sempre do Presidente e do Secretario Xeral, ou de quen legalmente os substitúa.

f) Poderán formarse comisións de traballo que, por encargo do Pleno, desenvolvan un traballo específico que se considere necesario e informen ó Pleno do seu desenvolvemento e conclusións.

#### Artigo 9.- O Presidente

O Presidente será o Alcalde-Presidente ou membro da Corporación Municipal en quen delegue.

Son funcións do Presidente:

a) Dirixir as actuacións do Consello e ostentar a súa representación.

b) Convocar as sesións do Consello, presidilas e moderar o desenvolvemento dos debates.

c) Elaborar a orde do día das sesións do Consello.

d) Ordenar a publicación dos acordos do Consello.

Artigo 10.- O Vicepresidente

O Vicepresidente será nomeado polo Presidente.

As súas funcións son substituír ó Presidente en caso de ausencia ou enfermidade do mesmo.

Artigo 11.- O Secretario Xeral

O Secretario Xeral será o da Corporación Municipal ou funcionario en quen delegue.

Son funcións do Secretario Xeral:

a) Asistir, con voz pero sen voto, ás sesións do Consello.

b) Custodiar a documentación do Consello.

c) Expedir certificacións das actas, acordos e outros documentos confiados a súa custodia, co Visto e Prace do Presidente.

d) Estender as actas das sesións, autorizalas coa súa firma e Visto e Prace do Presidente, e darlle curso ós acordos que se adopten.

e) Cantas outras lle sexan atribuídas polo Consello ou sexan inherentes a súa condición de Secretario.

#### Disposición Final

En todo o non previsto no presente Regulamento estarase ó Réxime Xurídico establecido para os órganos colexiados nos artigos 22 a 27 da Lei 30/92 do Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común.

#### **5.- CONCERTO DE OPERACIÓN DE CRÉDITO A LONGO PRAZO: ADXUDICACIÓN DA OPERACIÓN DE CRÉDITO AUTORIZADA POLO PLENO DA CORPORACIÓN PARA O FINANCIAMENTO DE INVESTIMENTOS.**

Dáse conta do dictame favorable da Comisión de Economía, Facenda e Patrimonio á adxudicación da operación de crédito autorizada polo Pleno da Corporación para o financiamento de investimentos.

Aberto o debate, intervéñen don Raimundo González Carballo, en representación do grupo municipal do Bloque Nacionalista Galego, dicindo que neste punto da orde do día se trata de adxudicala operación de crédito para financialas obras que acordou o Pleno da Corporación por unanimidade o pasado 28 de febreiro, que eran as casas de cultura de Monte Porreiro, Campañó, Santo André de Xeve e Estrivela, pavillóns deportivos de Monte Porreiro, Santo Andrés de Xeve e Lérez, rede de sumidoiros de Salcedo, urbanización de Don Gonzalo, Ánimas e César Boente, ordenación das Palmeiras e poblado de Celulosas e do que se trata é de adxudicar esta operación de crédito, que realmente se fixo cumprindo rigorosamente os prazos e axustándose o máximo posible, pois hai que ter en conta que había que sometelo a exposición pública, solicita-las propostas, etc., o cal se fixo todo nun tempo mínimo, e o día 21 se lle comunicou ós portavoces que este asunto ía ir na orde do día, o mesmo

día procedeuse á apertura de plicas e o día 23 foi cando se someteu á Comisión informativa; dicir tamén que é costume deste grupo de goberno que, despois de calquera mesa de contratación e de calquera comisión, se lle informe ós medios de comunicación do deliberado e incluso dos acordos adoptados, admitindo que a información ós medios de comunicación en vez de se producir como tería que se-lo día 21, que foi o día da apertura, debido a outro tipo de razóns non se pudo informar publicamente en tempo e forma senón que se produciu un retraso dun día nesta información, pero de tódolos grupos son coñecidas as condicións, saben que se presentaron nove entidades bancarias e coñecen a proposta da Comisión técnica, que tal como o seu propio nome indica intégrase por técnicos fundamentalmente, como é o Interventor, a Viceinterventora, o Secretario e o Tesoureiro, e este Tenente de Alcalde entendeu, previo informe de Intervención, que a proposta máis vantaxosa para o Concello era a de Caixa Galicia.

A continuación concédese a palabra a don Guillermo Meijón Couselo, en representación do grupo municipal do Partido dos Socialistas de Galicia-PSOE, o cal manifesta que non quere privar á cidadanía a contemplación da fotoxenia do seu compañeiro de Corporación Raimundo González, pero cre que non é o método porque pensa que houbo certo apresuramento en entregarlle á prensa tódalas condicións e incluso significar cal era o mellor dos créditos presentados, o que lle parece unha falta de respecto total cara a Comisión de Facenda, polo tanto e baseándose niso se abstiveron nesa Comisión, aínda que por suposto agora o voto vai ser afirmativo, porque pensa que as condicións correspondentes son as que figuran no informe e que polo tanto o crédito debe realizarse así, pero repite que non lle convencen as formas que se están a producir demasiadas veces, pois mesmo a Ordenanza municipal de taxis que ven nun punto posterior recibiu o mesmo trato, é dicir, á Comisión sempre se lle informa con retraso e casi sempre con posterioridade á prensa por unhas ansias de fotografía, que espera que se cambien por respecto á institución.

Intervén seguidamente don Juan Enrique Magdalena Chan, en representación do grupo municipal do Partido Popular, para anunciar su voto favorable a la propuesta de la Alcaldía en relación con la petición del préstamo, modificando el voto de la Comisión, por las mismas razones expuestas por el compañero del Partido Socialista, habida cuenta que técnicamente la oferta de la entidad es buena, a la vez que lo hace por coherencia política, ya que para las personas que integran este grupo del Partido Popular por encima de las ideas, las personas y los partidos políticos está siempre la ciudad de Pontevedra y sus ciudadanos, pero quisiera hacer un comentario al respecto sobre algo que ocurrió el 25 de febrero de 1999 en una sesión plenaria de esta Corporación y sobre la resolución también de un préstamo de 897 millones de pesetas, en la cual el Teniente de Alcalde actual y Concejal en aquel entonces, don Raimundo González Carballo, salió por los cerros de Úbeda

demostrando una vez más la bisoñez de su grupo municipal, ya que la totalidad de las obras que abarcaba el aludido préstamo han servido para sacar pecho el actual equipo de gobierno a la hora de ponerlas en marcha o de inaugurarlas y quiere referirse a los grupos del Bloque y del Partido Socialista, puesto que en aquel entonces los dos votaron en contra con el Presupuesto aprobado, pero en estos momentos el Presupuesto aún se está negociando y pese a ello, por cordura, necesidad y coherencia, van a votar a favor, su posición por ello queda meridianamente clara y aprovecha la oportunidad para parafrasear algo que ha dicho el señor Meijón hace muy pocas horas sobre las conversaciones alagüeñas que vienen manteniendo en relación a los presupuestos, pues diría que en vez de alagüeñas fueran pedigüeñas, ya que cuando el Bloque lisonjea el Partido Socialista pide, y puede que se hayan equivocado, porque ¿quién le quitó el gobierno a la candidatura y a la lista más votada?; el señor González Carballo, decía que aquella del 25 de febrero de 1999 era una operación de crédito de las más grandes del Concello y quiere añadirle que era importante y necesaria, al igual que no le duelen prendas al reconocer que ésta también es ineludible, ya que sirve para poner en marcha muchos de los proyectos que en su día dejaron sobre la mesa para ejecutar, también decía que era para arrasar con el Concello y que hipotecaría a las futuras Corporaciones y quiere añadirle simplemente que por la boca muere el pez y que además el tiempo es el fiel juez que da o quita razones, pero que en su interin de tiempo mata a sus propios discípulos, pues ni se arrasó ni se hipotecó el Concello, también decía el señor González Carballo que se presentaba la operación como una maravilla y debe reconcer públicamente si la operación que se formalizó con la entidad de crédito transcurrido un año es favorable ya al Concello o a la entidad que prestó el dinero, además sin pretender ser visionario debe significarle que según decía no hacía falta ser muy experto para tachar de mala la operación y ya ve que casualidad, ya que el empirismo sigue en vigor cuando se pondera con la intuición y el conocimiento, no así cuando se emplean términos dogmáticos y demagógicos basados en un fundamentalismo obsoleto y anclado en el pasado, como el que cotidianamente el grupo de gobierno viene empleando; en el acta de aquel Pleno el Alcalde de entonces, señor Pedrosa Fernández, detalló cada una de las operaciones en vigor con su tasa de interés y ojalá que el Concello siga haciendo las mismas operaciones de préstamo como las que se formalizaron, será una señal evidente de que los políticos también saben defender los intereses públicos de los ciudadanos.

Novamente intervén o señor González Carballo, dicindo que non sabe de que fala o representante do Partido Popular, pois está a facer reflexións sobre o Pleno do 25 de febreiro do ano 1999 e algo así podía se-lo título da súa exposición, pois realmente non está a falar do asunto da orde do día; en segundo lugar decirlle que calotes aínda deixaron de abondo, como o do guindastre ou o plan de beirarrúas, aínda hai uns rebotes



finos por aí que para deixar tambaleado ó Concello chéganlle ben, pero non é o obxecto deste punto da orde do día e en todo caso decirlle que unha cousa é votar que si a unha operación de crédito que leva implícito tódolos orzamentos, como podía se-lo caso do ano pasado, e outra cousa é unha operación de crédito para unhas obras concretas que acordaron por unanimidade, entón non teñen máis opción que votar a favor ou ben absterse, porque o que sería contradictorio é que votaran en contra a operación de crédito para unhas obras que se aprobaron por unanimidade neste concello, por tanto non habería lugar a iso; de tódalas maneiras, con relación ó famoso crédito anterior, segundo o informe este vai o 3,64 a día de hoxe e polo outro estase a paga-lo 3,94, por tanto insiste en que pode que non lles guste a política informativa deste grupo de goberno e o admite, pois cada un defende as súas visións políticas, pero o seu grupo tomou o firme acordo de que despois de cada Comisión e de cada mesa de contratación se informaba ós medios e así o están a facer e en todo caso neste asunto se informou ó día seguinte, pois as propostas que había no expediente estaban o día 21, ese día os grupos da oposición saben que hai apertura de plicas e que este asunto ven ó Pleno e cando se informou ós medios de comunicación foi ás 14 horas do día 22 e aparece nos medios o día 23, por tanto non están a furtar tipo ningún de información e a que se dá é a da apertura non se esta dicindo nada máis, pois se len os medios din: "as propostas inicialmente que parecen máis vantaxosas son a interese variable a de Caixa Galicia e o Banco Central Hispano e de interese fixo o BBVA" e iso é o que aparece, de tódalas maneiras seguirán informando a través dos medios á cidadanía das cousas que se van acordando e por tanto se hai unha mesa de contratación ou unha comisión a continuación se seguirá informando ós medios de comunicación, esa é a súa política e iso é o que defenden e o seguirán a defender.

De novo concédese a palabra ó señor Meijón Couselo, o cal manifesta que o respecto que lle ten ó señor Interventor e ó señor Secretario lle impiden contestarlle ó señor González Carballo como quixera, polo tanto vai quedar así, manifesta a súa rotunda oposición ás formas que vostede mencionou con respecto a este tema, pero o respecto que lle merecen esas dúas persoas impídenlle contestarlle como quixera; en canto ó señor Magdalena, noutro tono decirlle que a título de lisonja ou pedigüña lle recorda algún cadro de Castelao no que a persoa humilde tiña que ir ó cacique a pedirlle e tanto o PSOE como o BNG tratarán de facer un presuposto racional e baseado nos programas e non aptitudes que quedan moi atrás.

Volve a intervi-lo señor Magdalena Chan, diciendo que, en cuanto a lo manifestado por don Raimundo González Carballo, si estas son obras concretas, tamén lo son las que están detalladas el 25 de febrero de 1999, el tipo de interés no es el 3,94 como decía, es el 3,92 y en cuanto al tipo de euromibor que ha dicho ha cogido el más bajo porque el de un año ya pasa del 4, no está en 3,92, por tanto ofrezca información fidedig-

na y, por lo demás, simplemente decirle al señor Meijón que toma nota de lo que ha dicho, pero debe ser consecuente con lo que acaba de exponer.

Rematado o debate, o Pleno da Corporación, por unanimidade, prestou a súa conformidade ó proxecto de acordo nos termos seguintes:

Examinado o expediente tramitado para a adxudicación da operación de préstamo autorizada polo Pleno da Corporación para o financiamento de investimentos do Presuposto prorrogado de 2000, resultan relevantes para a súa resolución os seguintes

#### FEITOS:

1º.- O Pleno da Corporación na sesión que tivo lugar o día 26 de febreiro de 2000, prestou aprobación ó concerto de operación de préstamo, por importe de 465.654.592 pesetas destinado ó financiamento dos investimentos incluídos no expediente de modificación de créditos no orzamento prorrogado, mediante a concesión de créditos extraordinarios, aprobado polo Pleno na devandita sesión, consonte ó contido do prego de condicións administrativas particulares que rexerán o contrato de préstamo, con previa apertura de crédito por importe de 465.654.592 pesetas.

2º.- Con data 2 de marzo de 2000 polo Sr. Alcalde invítase a 21 Entidades financeiras da Capital: Banco Exterior de España, Caja de Madrid, Caja de Ahorros y Pensiones de Barcelona, Deutsche Bank, Caixa Vigo, Caja de Ahorros Provincial de Pontevedra, Caixa de Galicia, Banco de Asturias, Banco Gallego, Banco Pastor, Banco Español de Crédito, Caja Postal, Banco de Galicia, Banco Central Hispano, Banco Simeón, Banco Santander, Banco Popular Español, Banco de Comercio, Banco Bilbao Vizcaya, Banco de Crédito Local y Banco del Espiritu Santo co fin de que presentaran ofertas, sinalando as condicións para o concerto da operación de préstamo e poñendo a disposición de cada unha delas o Prego e a documentación de características da operación.

3º.- Durante o prazo concedido para presentación de ofertas presentáronse nove ofertas (Caixa Galicia, Caixa de Pontevedra, Banesto, Caixa Vigo-Ouresne, Banco Santander, Banco Central Hispano, Banco Simeón, Banco Bilbao Vizcaya-Argenteria y Banco de Crédito Local de España), tal como consta no expediente.

4º.- O día 21 de marzo de 2000, reuniuse a Comisión Técnica para a apertura dos Sobres A (Documentación) e B (Oferta económica) das diversas entidades financeiras que presentaron as súas ofertas, constatando que tódalas ofertas presentadas polas entidades admitidas se adecuan ó Prego de Condicións administrativas particulares aprobado polo Pleno da Corporación para o presente contrato e analizan as diferentes variables económicas que compoñen os criterios de selección e acordándose que se proceda á emisión do correspondente informe técnico, ó obxecto de que posteriormente, previa nova reunión da Comisión Técnica, se eleve proposta ó Pleno da Corporación, con-

forme ó disposto na Cláusula 19ª do citado Prego e previo dictame da Comisión Informativa de Economía, Facenda e Patrimonio.

5º.- Polo Sr. Interventor Xeral, en data 22 de marzo de 2000, emitiuse o seguinte informe sobre as ofertas presentadas: "Examinadas la ofertas remitidas, y habiéndose procedido a realizar un cuadro comparativo de las mismas (que se adjunta) y a la vista de los criterios de selección establecidos en la Cláusula 18ª del Pliego de Condiciones Administrativas que regulan el presente contrato objeto de este informe y que son: 1.- Menor precio ofertado, reflejado en el menor diferencial sobre el tipo de interés variable referenciado o cualesquiera otros conceptos de gasto (comisiones y demás gastos); 2.- Banda de seguridad ofertada por el licitador al objeto de garantizar la variación de los tipos de interés; 3.- Posibilidad de que el Ayuntamiento elija en cada momento si el MIBOR a aplicar ha de ser el trimestral, el semestral o el anual, elección que se produciría con la antelación suficiente a la conclusión del período anterior; 4.- Experiencia en contratos de esta naturaleza realizados con Administraciones Públicas.

Esta Intervención teniendo en cuenta la diversidad de ofertas y que las mismas no son homogéneas estima que de considerar más idóneo acudir a OPERACIONES CON TIPOS VARIABLES, la oferta más ventajosa es la de CAIXA GALICIA: (-Plazo: 12 Años (incluida carencia); -Carencia: 2 Años; -Tipo interés: EURIBOR (3/6/12 meses) + 0,02%; -Tipo sustitutivo: Tipo de rendimiento interno en Mercado Secundario de Deuda Pública, de plazo entre 2 y 6 años, sin diferencial; -Banda superior: 7%; -Comisión apertura: 0%; -Comisión amortización anticipada: 0%; -Período amortización: Trimestres Naturales Vencidos; -Liquidación intereses: Trimestres Naturales Vencidos; -Cuota: Constante, comprensiva de amortización de intereses); y de optar por TIPOS FIJOS es la modalidad B del BANCO BILBAO VIZCAYA-ARGENTARIA (TIPO FIJO BONIFICADO al 4,94 Trimestral siempre y cuando el EURIBOR TRIMESTRAL sea inferior al 6%, en aquel período de liquidación en el que supere el 6% pasará a pagar el EURIBOR TRIMESTRAL MENOS 0,20 (-0,20). Por lo tanto este informe con toda la documentación se remite a la Comisión Técnica al objeto de que se evacue propuesta al órgano de contratación, previo dictamen de la Comisión Informativa de Hacienda y Patrimonio (Cláusula 19ª del Pliego de Condiciones), de la que sea considerada más favorable a los intereses municipales".

6º.- A Comisión Técnica en reunión que tivo lugar o día 23 de marzo de 2000, tras diversas deliberacións e exposición das variables que operan en cada oferta, estima como oferta máis favorable ós intereses municipais a presentada por CAIXA DE GALICIA, elevándoa ó Pleno da Corporación para a adopción do correspondente acordo, previo dictame da Comisión Informativa de Economía, Facenda e Patrimonio, conforme ó disposto na Cláusula 19ª do Prego de condicións administrativas particulares.

7º.- A Comisión Informativa Permanente de Economía, Facenda e Patrimonio, na reunión que tivo lugar o día 23 de marzo de 2000, dictaminou favorablemente a proposta da Comisión Técnica sobre adxudicación da operación de préstamo a favor da entidade financeira CAIXA GALICIA.

Analizados os feitos expostos formúlase proposta de acordo en base ós seguintes

FUNDAMENTOS XURÍDICOS:

I.- Que os artigos 51 da Lei 39/88, Reguladora das Facendas Locais, e 21.15 do Real Decreto 500/90, establecen que, en tanto non se aprobe o Orzamento definitivo, o prorrogado poderá ser obxecto de calquera das modificacións previstas pola lei e que os artigos 158.1 da devandita lei e 35 do devandito Real Decreto dispoñen que é requisito necesario que estes créditos sexan para o financiamento dun gasto específico e determinado que non se poda demorar e para o que non exista crédito.

II.- Segundo o informe emitido por Intervención, a operación de préstamo cumpre os ratios impostos polo artigo 54 da Lei 39/88 na redacción dada pola Lei 50/98 de Medidas Fiscais e Administrativas de Orde Social, referidas ó aforro neto e capital vivo das operacións de crédito vixentes, polo que non resulta necesaria a autorización previa dos órganos competentes citados no artigo 54.1 da devandita Lei 39/88.

III.- Que o expediente someteuse ós mesmos trámites e requisitos establecidos para a aprobación do Orzamento, segundo establece o artigo 58.2 da Lei 39/88 e que para a adopción do acordo resulta suficiente a maioría simple do Pleno da Corporación.

O Pleno da Corporación, por unanimidade e de conformidade co dictame da Comisión Informativa Permanente de Economía, Facenda e Patrimonio, acorda:

PRIMEIRO.- Adxudicar á Entidade bancaria CAIXA DE GALICIA o concerto da operación de préstamo autorizada polo Pleno da Corporación Municipal en sesión de 26 de febreiro de 2000 por importe de catrocentos sesenta e cinco millóns seiscentas cincuenta e catro mil cincocentas noventa e dúas pesetas (465.654.592), con previa apertura de crédito e con destino ó financiamento de investimentos do Presuposto prorrogado de 2000, con estricta suxeición á oferta presentada e aceptada e prego de condicións administrativas particulares, que financiarán os seguintes investimentos:

Cerramento e vestiarios pistas polideportivas:  
Colexio nº 1 Monte Porreiro, Santo André de Xeve e Lérez ..... 91.125.386  
Construcción de nichos Cemiterio San Mauro ..... 75.000.000  
Acondicionamento Avda. das Camelias e o seu contorno ..... 49.896.519  
Canalización e pavimentación: c/Boente, Gonzalo e Ánimas ..... 60.680.084  
Construcción Casas de Cultura: Campañó, Monte Porreiro, Santo Andrés de Xeve e Estrivela ..... 150.211.082

Xardíns de Vincenti e Alameda .....	20.000.000
Rede de sumidoiros e saneamento Salcedo 4ª Fase.	18.741.521
<u>TOTAL .....</u>	<u>465.654.592</u>

SEGUNDO.- Prestar aprobación á precedente operación de crédito a concertar con CAIXA GALICIA, nos termos fixados na oferta aceptada, facultando á Alcaldía para a formalización do contrato de préstamo, sendo as características da operación autorizada as seguintes:

Prazo: Doce anos (incluída carencia).

Carencia: Dous anos.

Tipo de interese: EURIBOR (3/6/12 meses) + 0,02%.

Tipo substitutivo: Tipo de rendemento interno e mercado secundario de débeda pública, de prazo entre 2 e 6 anos, sen diferencial.

Banda Superior: 7%.

Comisión apertura: 0%.

Comisión amortización anticipada: 0%.

Período de amortización: Trimestres naturais vencidos.

Liquidación intereses: Trimestres naturais vencidos.

Cota: Constante, comprensiva de amortización de intereses.

TERCEIRO.- Delegar na Alcaldía as atribucións precisas para resolver cantas incidencias puidera presentar o outorgamento da operación.

**6.- URBANISMO: APROBACIÓN DEFINITIVA DO PERI DA UNIDADE DE ACTUACIÓN N° 2 DO PXOU, COMPRENDIDA ENTRE AS RÚAS JUAN BAUTISTA ANDRADE, LUIS OTERO E AVENIDA DE COMPOSTELA.**

Examinado o expediente administrativo nº 1248/98 incoado o día 21/1/98 e formulado mediante iniciativa particular por "PRYCOGA, S.L.", para a aprobación do Plan Especial de Reforma Interior da Unidade de Actuación nº 2 do Plan Xeral de Ordenación Urbana, situada entre as rúas Juan Bautista Andrade, Luis Otero e Avenida de Compostela, esta Secretaría Xeral, en cumprimento do disposto no artigo 3º.b) do Real Decreto 1174/1987, que impón ó Secretario da Corporación o deber de informar preceptivamente naqueles asuntos que a súa aprobación esixa una maioría especial como é a aprobación que poña fin á tramitación municipal dos planes e demais instrumentos de ordenación previstos na lexislación urbanística, por imperativo do artigo 47.3.i) da Lei 7/85, de 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, na redacción conferida pola Lei 11/1999, de 21 de abril e artigo 54.1.b) do Texto Refundido de Disposicións en materia de Réxime Local, Real Decreto 781/86, emite o seguinte informe:

RESULTANDO acreditados os seguintes

FEITOS:

1º.- O Pleno da Corporación, na sesión que tivo lugar o 30 de outubro de 1997, aprobou definitivamente a Modificación da Delimitación da citada Unidade de Actuación número 2 do PXOU, coa finalidade de regulariza-la delimitación entre o seu rueiro número 20 e ese polígono espacial, e homoxeneiza-los fondos edificables do rueiro, tratándose os paramentos como fachadas. Este acordo comunicouse á Consellería de Política Territorial,

Obras Públicas e Vivenda da Xunta de Galicia o 17/11/97 e notificouse á totalidade dos propietarios interesados, con publicación no BOP nº 223 de 18/11/97 e no DOG nº 224 de 19/11/97, polo que actualmente desprega a preceptiva eficacia e executividade.

2º.- Formulado por "Prycoga, S.L." o presente Plan Especial de Reforma Interior da Unidade de Actuación número 2, a Comisión de Goberno, previa a preceptiva tramitación normativa establecida, na sesión de 10 de agosto de 1998, acordou prestarlle aprobación inicial como instrumento urbanístico de desenvolvemento do Plan Xeral e que, contiña entre a súas determinacións, a delimitación de dous polígonos para a súa xestión, con sistema de actuación aplicable a cada un deles, compoñéndose polo documento visado pola Delegación en Pontevedra do Colexio Oficial de Arquitectos de Galicia de 07/01/98 e a documentación de emenda do mesmo, con visado colexial de 03/06/98, sendo toda ela redactada polo Arquitecto don Manuel Jesús Freijeiro, que reformaba e anulaba ós documentos correlativos de aquel, en función do informe previo e preceptivo á aprobación inicial emitido pola Consellería de Política Territorial de data 17/04/98.

Por este acordo requiriuse tamén a "Prycoga, S.L.", como promotora do Plan Especial, a presentación na fase de información pública dun texto refundido do documento orixinario e a súa emenda, para así unificar nun único texto a documentación inicialmente aprobada, téndose tamén que subsanar unha cuestión referente á base da calzada e a referencia á lexislación de accesibilidade e supresión de barreiras da Comunidade Autónoma de Galicia.

3º.- En cumprimento deste acto administrativo, someteuse o expediente a información pública, publicándose anuncios no periódico Diario de Pontevedra de 24/9/98, "Boletín Oficial" da Provincia nº 188 de 29/9/98 e "Diario Oficial" de Galicia nº 190 de 30/9/98. Así mesmo, notificouse individualmente a todos os propietarios de terreos incluídos na Unidade de Actuación, a empresa "Prycoga, S.L.", dona Domitila Romero Muiños, don Carlos Fernández García, don Manuel Fernández Pérez e don Anselmo Gago, a efectos de que, durante o período dun mes dende a publicación do anuncio no Diario oficial autonómico, puideran formula-las alegacións, reclamacións e suxestións que estimasen pertinentes.

O 29/9/99 por "Prycoga, S.L." presentouse o texto refundido requirido no acordo de aprobación inicial, redactado polo arquitecto don Manuel Jesús Freijeiro con visado da Delegación en Pontevedra do COAG do 24 dese mes de setembro, o cal foi debidamente dilixenciado pola Secretaría Xeral deste Concello. Segundo consta en certificación desta Área de data 18 de novembro de 1998, formuláronse alegacións ou reclamacións pola totalidade dos propietarios da Unidade.

En primeiro lugar, o 22/10/98, don Anselmo Gago Lojo por medio de escrito presentado a través do Rexistro Xeral formulou a súa oposición ó Plan Especial en trámite, solicitando, por

tanto, a súa denegación. Resumidamente, manifestaba existir xa unha correcta ordenación pormenorizada establecida para a Unidade polo Plan Xeral de Ordenación Municipal en función do interese xeral, de modo que o Plan Especial obedecería ás conveniencias e intereses da entidade promotora, a cal ademais buscaría crear dous polígonos diferenciados co propósito de desenvolver autonomamente o Polígono que a ela se lle adxudicara, o que non sería lóxico dadas as reducidas dimensións da Unidade. Ó seu criterio, da comparación da distribución edificatoria prevista na Unidade coa pretendida no Plan Especial, apreciárase a descomposición e desharmonía do proxecto, o que levaría un empeoramento deste ámbito e das observacións do Plan Xeral, que produciría á súa vez unha considerable diferenza temporal na xestión dos polígonos pola inmediata execución do atribuído á promotora. En definitiva, solicitaba por tales cuestións a denegación do documento en trámite.

Pola súa parte, dona Domitila Romero Muiños, don Carlos Fernández García e don Manuel Fernández Pérez, en escrito presentado no rexistro de entrada de documentos o 27 dese mes, manifestaron a súa plena conformidade coas alegacións formuladas polo Sr. Gago Lojo, solicitando en idéntico sentido a denegación do Plan Especial.

Don Carlos Alfredo Fernández García, en escrito presentado ese mesmo día no Rexistro Xeral, manifestou tamén a súa oposición ó Plan Especial en tramitación, solicitando se subsanasen as irregularidades que consideraba existían nese instrumento urbanístico. Consideraba este propietario que o PERI alteraría substancialmente a ordenación do Plan Xeral, onde se establecerían perfectamente definidas os rueiros de construción, viais, zonas verdes, sistemas de compensación e demais circunstancias para o ordenamento da Unidade que deberían respectarse. A modificación suporía un maior proveito e beneficio para a sociedade promotora do Plan Especial, reducíndose os dereitos dos restantes propietarios de cambiarse o sistema de actuación. Por outra parte, "Prycoga, S.L." realizou obras de desmonte, escavación e aplanamento con alteración da rasante dos terreos que posúe na UA nº 2, pese a posuír exclusivamente autorización para a limpeza e roce do terreo para lograr o seu ornato e, polo contrario, o Concello soamente impuxo unha sanción económica por esta actuación. Ademais, formulou a súa oposición ás valoracións efectuadas no Plan Especial das súas propiedades, xa que por elas se trazaría un vial que afectaría a tódolos terreos, de grande importancia para o desenvolvemento do PERI, o que debería facerse en termos de equidade e xustificación e baixo control municipal, de maneira que na mesma zona a uns propietarios sobrevaloráranse os terreos e a outros, como sería o seu caso, optaríase por reduci-lo seu importe a prezos de saldo, dando a valoración resultante unha cantidade moi inferior á establecida a efectos fiscais, prezo que so podería terse en conta como referencial e non como prezo de mercado.

"Prycoga, S.L.", o día 26/10/98, presentou ante este Con-

cello, un novo cadro nº 1, 4.2.1 e 4.3 e planos 6.1. e 6.2 do Plan Especial, anulando os correlativos anteriores e diminuíndo os aproveitamentos de cesión a este Concello, na súa condición de Administración urbanística actuante, da porcentaxe do 15% ó 10% en función da Lei 6/1998 e Instrucción 1/1998 da CPTOPV de 24 de xullo. Á súa vez, o Servicio Provincial de Costas do Ministerio de Medio Ambiente, en oficio recibido o 30 dese mes, solicitou o envío do expediente, no caso de afectar á zona de servidume de protección do dominio público marítimo-terrestre.

4º.- Incorporadas tódalas alegacións ó expediente e enviado ó Servicio Municipal de Xestión e Disciplina Urbanística, o seu Arquitecto Xefe o 3/12/98, emite informe sobre as alegacións formuladas. En canto á suscrita polo Sr. Gago Lojo á que prestan conformidade o resto dos reclamantes, informa que o Plan Especial de Reforma Interior non é unha actuación "de emenda e modificación" do Plan Xeral senón de desenvolvemento do mesmo conforme coas súas directrices e determinacións, de modo que en canto ós criterios de peor deseño alegados, serían unha opinión que debería basearse en criterios técnicos e en canto á diferenza temporal na execución dos polígonos previstos, podería acometerse a xestión de calquera deles dende a aprobación do Plan Especial, como prevé no seu plan de etapas, de maneira que para garanti-la súa execución o Concello podería modificar, se fora preciso, o sistema de actuación. Sobre a alegación suscrita polo Sr. Fernández García, informou este facultativo municipal que o Plan Especial é a actuación integral requirida polo Plan Xeral para defini-la ordenación pormenorizada, non producíndose unha modificación senón unha proposta axustada ó propio Plan Xeral e normativa de superior rango, sen que se obteña maior proveito e beneficio xa que cada propietario de solo obterá o que lle corresponde en función da súa participación no planeamento, con independencia da ordenación final. Acerca dos dereitos dos propietarios do futuro polígono 2, non se cambiaría o sistema de actuación, reservándose o Concello a posibilidade de modificalo, ó amparo do establecido na lexislación do solo. No concernente ás valoracións do alegante, aínda cando considerou que o valor de reposición do edificio adecuárase á realidade, debería presentarse unha valoración técnica, debéndose remitir este apartado ó equipo redactor do PERI. Finalmente en canto á alegación de "Prycoga, S.L." informou que o aproveitamento non patrimonializable sería do 10%, o que afectaría non só ós cadros presentados senón a parte da documentación escrita, en tanto que acerca da comunicación do Servicio Provincial de Costas manifestou que a actuación non se encontraría dentro da zona de servidume do dominio público marítimo-terrestre.

5º.- O 18/12/98, "Prycoga, S.L." aportou un informe suscrito o 15 dese mes polo Arquitecto autor do Plan Especial que se reiterou na valoración da propiedade de don Carlos Alfredo Fernández García, solicitando esa entidade que os Servicios Técnicos Municipais procedesen a valora-la edificación princi-



pal e auxiliares e plantacións do alegante (aboándose o custo desa taxación con cargo ós de xestión do plan, cantidade que adiantaría esta sociedade) aceptando de antemán ese criterio e comprometéndose a presentar un aval equivalente ó 66% (porcentaxe que lle correspondería en función da superficie de terreos da Unidade) da diferenza a maiores que resultase entre a valoración do Plan Especial e a realizada polos Servicios Técnicos Municipais.

O 18/1/99 recíbese un novo escrito dos propietarios opostos á aprobación do Plan Especial no que, manifestando informarse pola prensa periódica de negociacións efectuadas entre o Concello e o Instituto Galego da Vivenda e Solo para unha concreta cesión de terreos na UA nº 2, posibilidade non factible nese momento, solicitan que se conte con eles sobre calquera aspecto ou decisión nesa Unidade de Actuación.

6º.- A Unidade de Estradas de Pontevedra do Ministerio de Fomento, en escrito de 28/10/98, tamén solicita a remisión do expediente, de afectar a algunha vía de titularidade estatal. Aínda cando, o Sr. Arquitecto Xefe do Servicio Municipal de Xestión e Disciplina Urbanística informa que non se modifican as previsións do Plan Xeral, o expediente remítese a ese Servicio Periférico por oficio da Alcaldía de 14/1/99. O 5/3/99 recíbese o informe favorable desa Unidade Técnica de Estradas por canto a liña límite de edificación mantense sempre a máis de 25 m. da aresta exterior da calzada e as mesmas zonas verdes entre a devandita aresta e a liña de edificación.

O Sr. Arquitecto Xefe do Servicio Municipal de Xestión e Disciplina Urbanística, en informe de 14/4/99, á vista do realizado polo equipo redactor do PERI sobre a valoración alegada polo Sr. Fernández García do que se da conta no apartado anterior, acepta a valoración expresada no presuposto do Plan Especial, pronunciándose desfavorablemente sobre este contido concreto da alegación, polo que se ratifica no seu informe datado o 3/12/98, constando ademais o seu descoñecemento de negociacións entre Concello e IGVS acerca da Unidade de Actuación.

7º.- A Comisión Informativa Municipal de Urbanismo -órgano ó que compete o estudio, informe e proposta da materia de ordenación do territorio e urbanismo, segundo o seu acordo de creación, adoptado polo Pleno da Corporación o 10/7/99- dictamina, na sesión de vinte de outubro de 1999, por unanimidade dos seus membros, a desestimación das alegacións formuladas ó citado PERI da UA nº 2 do Plan Xeral Municipal e a remisión á Consellería de Política Territorial do expediente tramitado, para que emita informe sobre o mesmo con carácter previo á súa aprobación definitiva.

En cumprimento do establecido na lexislación urbanística autonómica, por oficio da Alcaldía de 26/10/99, enviouse ó organismo urbanístico autonómico o expediente íntegro, tendo entrada na súa Delegación Provincial en Pontevedra o día 9/11/99. O pasado 8 de febreiro recíbese o informe suscrito polo Ilmo. Sr. Director Xeral de Urbanismo datado o sete dese mes, no que tras considerar cumprimentadas as observacións do

anterior informe desa Consellería de 17 de abril de 1998, emite informe favorable ó Plan Especial de Reforma Interior da UA nº 2, observando que o réxime aplicable ó seu ámbito será o establecido na Disposición Transitoria segunda apartado 1.b) da Lei do Solo de Galicia, coa particularidade de que o aproveitamento dos seus propietarios será o 90% do medio do polígono e de aplicación o réxime do solo urbano non consolidado.

CONSIDERANDO de aplicación os seguintes

FUNDAMENTOS DE DEREITO:

I.- Reiterando as motivacións xurídicas que obran no acordo da Comisión de Goberno de aprobación inicial do presente Plan Especial, debe recordarse que, como instrumento urbanístico de desenvolvemento, ten o seu fundamento en desenvolve-las previsións do Plan Xeral de Ordenación Urbana -aprobado por Orden da COTOP de 18/12/89- coa finalidade de cumprimentalos obxectivos contidos na súa ficha específica e Programa de Actuación, esto é ordenación de parte do solo urbano e obtención dunha praza pública e zona verde, con elección do sistema de actuación de compensación. Fundaméntase así este Plan Especial de Reforma Interior non só no Plan Xeral senón tamén no artigo 26.2.c) da Lei 1/1997, de 24 de marzo, do Solo de Galicia, que recollendo os preceptos concordantes das anteriores leis de réxime do solo estatais, dispón que esta categoría de planes especiais poderán formularse e aprobarse coas finalidades de reforma interior en solo urbano, para levar a cabo actuacións illadas que, conservando a estrutura fundamental da ordenación anterior, se encamiñen á desconxestión, creación de dotacións urbanísticas e equipamentos comunitarios, saneamento de barrios insalubres, resolución de problemas de circulación ou de estética e mellora do medio ambiente ou dos servizos públicos ou outros fines análogos e que con eses mesmos fins poderán realizarse, así mesmo, operacións integradas de reforma interior, que cando estiveran previstas no Plan Xeral terán que axustarse ás súas determinacións. Como tamén se xustificaba no acto de aprobación inicial, á súa vez, este precepto nos seus apartados 4 e 5, e artigos 76.2.c), 83, 84 e 85 do Regulamento de Planeamento Urbanístico, Real Decreto 2159/1978, de 23 de xuño, en vigor tras o Real Decreto 304/1993, de 26 de febreiro, e Disposición transitoria terceira LSGA, establecen o contido, determinacións, natureza e finalidade dos Planes Especiais para o desenvolvemento do planeamento, debidamente xustificadas e desenvolvidas nos seus documentos, sen que poidan substituír ós Planes Xerais na súa función de ordenación integral do territorio.

Constan descritos nos Antecedentes de Feito os informes evacuados polo Sr. Arquitecto Xefe do Servicio de Xestión e Disciplina Urbanística sobre a adecuación do Plan Especial refundido e aqueles documentos que unifica, á normativa urbanística e plan xeral municipal de ordenación.

II.- En cumprimento do establecido no acordo de aprobación inicial, e como igualmente se relatou nos precedentes Feitos, o Concello unha vez adoptado este acto, acordou a apertura do trá-

mite de información pública na forma e prazo legalmente esixido, axustándose conseguintemente, o trámite de información pública ó procedemento establecido nos arts. 42 LSGA, e artigo 128 RP, dándosele a adecuada publicidade ó acordo de aprobación inicial e documentación integrante do Plan Especial, cumprimentándose as esixencias normativamente establecidas na tramitación do planeamento e recollidas no Fundamento de Dereito V do acto de aprobación inicial. Por iso, o Plan someteuse á preceptiva información pública con notificación persoal ós propietarios de terreos incluídos no seu ámbito, co fin de que se presentasen as alegacións que estimasen pertinentes. Na fase expositiva, se deu conta resumidamente do contido das reclamacións deducidas, que foron oportunamente informadas en sentido desfavorable polo Sr. Arquitecto Xefe da Oficina Municipal de Disciplina Urbanística, dictame que serve de motivación a este acto, nos termos do artigo 89.5 da Lei 30/1992, de 26 de novembro, de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común, e polo que se informa que o Plan Especial non vulnera disposición ou determinación do planeamento superior de ordenación municipal, contendo determinacións propias de tal categoría de instrumentos urbanísticos de desenvolvemento, como son, entre outros, a delimitación de polígonos ou unidades de actuación con determinación dos sistemas de actuación aplicables a cada un deles.

III.- Debe mencionarse ademais que durante a tramitación do procedemento entrou en vigor a Lei estatal 6/1998, de 13 de abril, de Réxime do Solo e Valoracións, que na súa Disposición transitoria cuarta determina que nos procedementos de distribución de beneficios e cargas que non alcanzaran a aprobación definitiva á data de entrada en vigor desta Lei, será de aplicación, en canto á cesión de solo en que se deba materializar a porcentaxe de aproveitamento que corresponde á Administración actuante, o réxime urbanístico establecido na mesma, segundo a clase de solo, dispoñendo o seu artigo 14.2 que os propietarios de terreos de solo urbano que carezan de urbanización consolidada, deberán ceder obrigatoria e gratuitamente á Administración actuante o solo correspondente ó 10 por 100 do aproveitamento do correspondente ámbito, precepto de carácter básico conforme á Disposición final única deste texto legal e en tal sentido dictouse pola Consellería de Política Territorial, Obras Públicas e Vivenda da Xunta de Galicia, a Instrucción 1/1998, de 24 de xullo, sobre a aplicación da LSGA no marco da nova Lei 6/1998.

Unha vez cumprimentado o trámite de información pública, en cumprimento dos artigos 7.2 da Lei 7/1995, de 29 de xuño, de delegación e distribución de competencias en materia de urbanismo e 44.2 LSGA, o expediente remitiuse a informe da Consellería de Política Territorial, Obras Públicas e Vivenda, que ó amparo do artigo 1º.a) da Orde de 30 de decembro de 1999 pola que se delegan atribucións en materia de urbanismo na súa Dirección Xeral de Urbanismo, evacua en sentido favorable o informe ó presente Plan Especial de Reforma Interior, recordando

en consonancia co Fundamento Xurídico anterior que o réxime aplicable ó ámbito do Plan será o do solo urbano non consolidado e o aproveitamento dos seus propietarios o 90% do aproveitamento medio do polígono.

IV.- Corresponde a aprobación que pon fin á tramitación municipal dos planes e demais instrumentos de ordenación previstos na lexislación urbanística ó Pleno da Corporación, como establece o artigo 22.2.c) da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, na redacción conferida pola Lei 4/1999, de 21 de abril, artigo 64.2 c) da Lei 5/1997, de 22 de xullo, da Administración Local de Galicia e artigo 50.20 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais (ROF), Real Decreto 2568/86, de 28 de novembro, previo dictame da Comisión Municipal de Urbanismo como esixe o art. 123.1 del R.O.F., tendo que se publica-lo acto de aprobación definitiva no Diario Oficial de Galicia con comunicación á Consellería de Política Territorial, nos termos do artigo 48.3 LSGA, dándoselle traslado dunha copia do expediente completo e dous exemplares dilixenciados do instrumento aprobado definitivamente e a súa eficacia demorarase á presentación do expediente na Consellería e á publicación das súas normas e ordenanzas conforme ó establecido na lexislación de réxime local.

O Pleno de la Corporación, por unanimidade e de conformidade co dictame da Comisión Informativa Municipal de Urbanismo, acorda:

PRIMEIRO. - Desestima-las alegacións ou reclamacións formuladas na fase de exposición pública do Plan Especial de Reforma Interior da Unidade de Actuación número 2 do PXOU, subseguinte á súa aprobación inicial pola Comisión de Goberno, polos propietarios de terreos incluídos no seu ámbito poligonal, don Anselmo Gago Lojo, dona Domitila Romero Muiños, don Carlos Alfredo Fernández García e don Manuel Fernández Pérez, por canto de conformidade cos informes emitidos polo Servicio Municipal de Xestión Urbanística e Dirección Xeral de Urbanismo da CPTOPV recollidos nos Antecedentes de Feito deste acto administrativo e que serven de motivación ó mesmo, nos termos do artigo 89.5 da Lei 30/1992, de 26 de novembro, e motivacións xurídicas do mesmo, o presente Plan Especial non vulnera disposición ou determinación do planeamento superior de ordenación integral do Municipio, contendo as determinacións propias de tal categoría de instrumentos urbanísticos de desenvolvemento.

SEGUNDO. - Prestar aprobación definitiva ó denominado texto refundido do Plan Especial de Reforma Interior da Unidade de Actuación número 2 do PXOU, situada entre as rúas Juan Bautista Andrade, Luis Otero e Avenida de Compostela -que contén entre as súas determinacións a delimitación de dous polígonos para a súa xestión a través do sistema de actuación denominado de compensación- sendo este instrumento urbanístico de desenvolvemento formulado, mediante iniciativa particular, por "PRYCOGA, S.L." e redactado polo Arquitecto don Manuel Jesús

Freijeiro, sendo visado pola Delegación en Pontevedra do COAG en data 24/9/98 -como refundido dos documentos anteriores- e cadros nº 1, 4.2.1, 4.3 e planos 6.1. e 6.2, presentados o 26/10/98 a través do Rexistro Xeral de entrada de documentos do Concello, que reforman e anulan ós seus correlativos anteriores, constando expresamente que o réxime aplicable ó ámbito do Plan será o establecido na Disposición Transitoria segunda apartado 1.b) da lei 1/1997, do Solo de Galicia, coa particularidade de que o aproveitamento dos propietarios do solo será o 90% do medio do polígono e será de aplicación o réxime do solo urbano non consolidado, estimándose así a reclamación formulada en tal sentido pola sociedade promotora do presente Plan, de tal modo que calquera referencia ó aproveitamento lucrativo non susceptible de apropiación pola propiedade e de cesión a este Concello, na súa condición de Administración urbanística actuante, será do 10 por 100, anulándose calquera referencia en contra dos documentos aprobados.

TERCEIRO.- Notificar este acto administrativo ós propietarios afectados e organismos interesados co ofrecemento do réxime procedente de recursos e publicalo no "Diario Oficial" de Galicia, con traslado á Consellería de Política Territorial, Obras Públicas e Vivenda dunha copia adverada do expediente administrativo completo e dous exemplares do Plan Especial aprobado definitivamente, debidamente dilixenciados, dispoñéndose a publicación das súas normas e ordenanzas no "Boletín Oficial" da Provincia para lograla súa eficacia e executividade, de acordo co establecido na Lei 39/1994, de 30 de decembre, pola que se modifica o artigo 70.2 da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local.

#### **7.- AUTOTAXIS: APROBACIÓN INICIAL DA ORDENANZA MUNICIPAL REGULADORA DO SERVICIO DE AUTOTAXIS.**

O Alcalde retira este asunto da orde do día de conformidade co interesado pola Comisión Informativa de Réxime Interior e Persoal.

#### **8.- SEGUIMIENTO E CONTROL DA XESTIÓN DOS ÓRGANOS DE GOBERNO MUNICIPAL:**

##### **A) TOMA DE COÑECEMENTO DAS RESOLUCIÓNS DICTADAS POLA ALCALDÍA (ALCALDE E TENENTES DE ALCALDE DELEGADOS DE ÁREA) DURANTE O MES DE FEBREIRO DE 2000.**

O Pleno da Corporación toma coñecemento das resolucións dictadas pola Alcaldía (Alcalde e Tenentes de Alcalde delegados de área) durante o mes de febreiro de 2000.

##### **B) COMPARECENCIA DO CONCELLEIRO DELEGADO DO SERVICIO, DON MANUEL XESÚS FONTÁN BOUZAS, PARA INFORMAR SOBRE A ACTUACIÓN MUNICIPAL EN MATERIAS RELACIONADAS COA XUVENTUDE.**

Comparece don Manuel Xesús Fontán Bouzas, dicindo que vai tratar de ser breve, tal como lle foi solicitado polo señor Pedrosa antes do Pleno, empezará por falar das bases, do que son as actuacións do goberno municipal en materia xuvenil e do que entende que debe se-la concepción que debe guiala actuación nesta materia, o grupo de goberno sempre defendeu e agora o está a levar a cabo unha concepción integral da política

xuvenil, onde a xuventude estea presente en todas aquelas actividades e materias que se desenvolven dende as diferentes áreas do goberno municipal e na que polo tanto o obxectivo sexa a equiparación social, a integración real da xuventude no contexto xeral de sociedade evitando a súa marxinación e fundindo dos conceptos sobrepasados e quedados atrás que asociaban determinadas políticas exclusivamente de ocio e lecer ás políticas de xuventude, nese aspecto considera que teñen avanzado de forma importante nestes meses, pois en tódolos ámbitos do Concello está presente a xuventude, está presente unha oferta de actividades, unha creación de política dirixida á xuventude nos ámbitos da cultura, do emprego, do deporte e da infraestrutura, que acaban agora mesmo de tratar, se están a dar tamén pasos importantes para crear infraestructuras que son claves para o desenvolvemento de actividades da xuventude e polo tanto están nunha fase de cambio no sentido de adaptar esa política ás necesidades da xuventude e que non siga a ser como ata o momento exclusivamente tema de tratamento en determinadas épocas ou en determinados momentos preelectorais ou usada como moeda de cambio electoral, cre que iso se está a conseguir, que é un proceso e que se están a dar pasos importantes; ademais diso a Concellería de Xuventude é un instrumento político que garante esta actuación, que vela porque todo o resto das áreas teñan esa actitude e que contemplan as actividades da xuventude e ó mesmo tempo é a encargada de promover, desenvolver e coordinar programas con outras Concellerías dirixidos ás problemáticas e temas máis específicos da xuventude, nese sentido ten que facer un relatorio das diferentes actividades e tamén dos obxectivos que se marcaron; os obxetivos en varias liñas de traballo foron fundamentalmente, como dicía antes, que a política de xuventude sexa continua, que non sexa eventual, que non dependa de determinadas subvencións, senón que garanta unha continuidade e iso pasa pola consolidación da estrutura da Concellería de Xuventude e da Oficina de información xuvenil, no que se deu un paso importantísimo nestes últimos meses coa potenciación desa oficina que nestes momentos xa se ampliou respecto da situación tercermundista que tiña anteriormente, pero que está tamén previsto o seu traslado e a súa ampliación, unha liña de asociacionismo xuvenil na que xa se está a traballar a través do programa "Xuntos somos máis" con diferentes actividades de charlas a través de tódolos institutos do Concello e do contacto coas diferentes asociacións, coa participación dun número importantísimo de mozos e no que se organizou o "Primeiro encontro de asociacionismo xuvenil" que foi un feito histórico no Concello de Pontevedra, pois é a primeira vez que se organiza, que contou coa participación de toda a estrutura asociativa do concello, incluso co interese importante de mozos doutros concellos, a creación dunha páxina web de xuventude, hai que dicir tamén que efectivamente determinadas cuestións estaban contratadas xa no momento que chegaron ó goberno, pero que se efectivizaron e se desenvolveron con axilidade; o pro-

grama "Noites abertas", na liña de establecer alternativas de ocio os fins de semana á xente nova, foi deseñado totalmente pola Concellería de Xuventude e nestes momentos é o programa estrela que foi pioneiro en Galicia en canto a actividades os fins de semana polas noites, ademais é un modelo que se está a estender a outras cidades, por exemplo en Vigo se puxo en marcha a raíz do funcionamento en Pontevedra, foi premiado polo Seminario Galego de Educación para a Paz durante este ano e ten ademais unha participación impresionante e a intención do grupo de goberno, unha vez observado o éxito e a participación importante da xente nova en todas estas actividades, é mantelo con continuidade; ademais no aspecto de xestión e política levado a cabo polo Alcalde, déronse pasos importantes na tramitación e nas xestións con outras institucións para que en Pontevedra poida haber unha Casa de xuventude, que despois clarificará ese termo con referencia á pregunta que presentou o Partido Popular; en definitiva cre que se asentaron nestes meses as bases, primeiro, para un cambio de concepto e para que a xuventude estea presente en tódolos ámbitos da acción municipal e, posteriormente, para desenvolver programas con continuidade, manifestado na propia vontade deste equipo de goberno de triplicar-los presupostos destinados á xuventude.

Seguidamente intervén dona María Dolores de Ozámiz Lestón, en representación do grupo municipal do Partido dos Socialistas de Galicia-PSOE, dicindo que tiene que felicitar al señor Fontán porque efectivamente hizo una política de juventud, por lo menos la inició que no la había, pero tampoco tantas flores, pues es cierto que Noches abiertas es un buen programa, pero no es del Bloque, lo empezó y lo propuso el PSOE y no se llevó a cabo exactamente en las condiciones que hubieran querido, pues por ejemplo contemplaban la apertura de bibliotecas por las noches, que es una petición de muchos jóvenes sobre todo en épocas de exámenes y está dando muy buen resultado, incluso no solamente dentro de estos programas sino en la Universidad de Santiago que suele tener abierta por la noche la biblioteca central; hay también otro tipo de actividades que no han contemplado y hay también otras críticas, pues esta muy bien lo que dice de que la Concejalía de la Juventud está haciendo un trabajo importante, pero quizá al separarlo demasiado de otras áreas no se consigue lo que se pretende de que esté la juventud en todos los ámbitos; están de acuerdo con la creación de una Casa de la Juventud, pero quizá en las Casas da Cultura podían hacerse actividades para niños y jóvenes, no solamente en una casa exclusivamente para jóvenes donde no tengan relación con los demás, y actividades de muchos tipos, no sólo deportivas, porque de éstas ya se encarga el Instituto municipal de Deportes, pero hay otro tipo de actividades culturales sólo para jóvenes o para niños que cree que también se están dejando bastante del lado y en ese sentido va su crítica; también les parecen muy bien las reuniones con las asociaciones juveniles, por ejemplo con los grupos musicales, y se fija quizás más en eso porque su hijo está en un grupo y sabe

bastante de esos problemas, por exemplo la falta de locales para ensayar, pues suelen ser muy molestos los ensayos de estos grupos en las casas, pero a veces no les queda más remedio que hacerlo así, por tanto habría que pensar en la creación de locales para ellos, depende de lo que se haga por exemplo con ciertos edificios propiedad del Concello que incluso tienen sótanos y se podría fácilmente evitar que salgan los ruidos y podría de esa manera dárseles una posibilidad de que pudieran ensayar sin molestar a los demás y teniendo su material allí ya colocado se les daría facilidades; en cuanto a otro tipo de propuestas, por exemplo viviendas juveniles, es algo que no se ha tenido en cuenta, los programas de empleo juveniles tampoco han sido demasiado amplios o casi nada, por lo demás están bastante contentos, dentro de lo que cabe, con la actuación del Concejal de Xuventude.

A continuación concédese a palabra a don José Manuel Fernández Rodríguez, en representación do grupo municipal do Partido Popular, o cal manifesta que lle gustaría que cando unha persoa compareza o faga para darlles informacións moito máis concretas, pois felicita ó Concelleiro señor Fontán polo seu discurso teórico-filosófico de boa xestión e boa responsabilidade, pero da a impresión de que ven aquí un pouco a facer medra-lo ego, por tanto, repite, que lle gustaría que nas comparecencias se fose moito máis concreto nos datos das realizacións e problemas que hai e non veña a dicir que están a ter conversacións con asociacións, etc., todas estas cuestións son moito máis prácticas e realmente, á marxe do discurso, neste momento non foi capaz de captar para que é esta comparecencia.

Novamente intervén o señor Fontán Bouzas, dicindo que agradece as palabras do grupo socialista e desde logo o tema das bibliotecas estase a facer en Pontevedra, polo menos por parte da Universidade, pero interesa que se faga en tódalas bibliotecas e estase na fase de estendelo e nese sentido nos contactos e colaboracións coa Universidade se ten falado sobre ese tema, que desde logo é importante; en canto ó tema dos grupos musicais, debido a que se lle pediu brevidade por parte do grupo do Partido Popular, se lle pasou, pero tivo unha reunión con tódolos grupos xóvenes de Pontevedra, conxuntamente co Concelleiro de Cultura, e alí se lles expuxo que se esta nestes momentos elaborando un proxecto dun local municipal para a súa utilización como local de ensaio que cumpra esas condicións e no seu momento farase público; volve repetir que é unha cuestión da brevidade, pois ten tódolos datos e no momento que queiran pódellos dar das trinta ou corenta actividades que hai os venres e sábados en Noites abertas, de cada unha das actividades, charla por charla, instituto por instituto, pero cre isto é un organo de debate político e non para entrar nas miudeces ata ese nivel.

Volve a concedérselle a palabra á señora Ozámiz Lestón, a cal manifesta que se refería á biblioteca pública e as bibliotecas que dependan do Concello, non só a da Universidade; en canto ós grupos musicais parécelle moi ben, pero mellor sería



que houbera máis dun só local e non centralizalos nun só, pois son moitos os grupos que hai e tamén para a gravación podería poñerse algún, porque hai moitos grupos que non poden gravar porque non teñen posibilidades de facelo, por outra banda tamén sería interesante que informaran ás Comisións de todas estas actividades que se realizan.

Intervén novamente o señor Fontán Bouzas, dicindo que a Biblioteca pública non depende do Concello e desde logo é a nosa intención, no que poida facer, presionar para que se abra, pero cre que se está a avanzar nese tema e tamén se están a tomar decisións sobre o tema dos grupos musicais e non só nese aspecto senón en continuar o que xa iniciaron hai uns meses en colaboración con eles, que é o plan de música xoven e desenvolver esas actividades e todo o que se poida facer desde logo é desexable.

### **C) MOCIÓN URXENTES.**

#### **1.- MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DO PARTIDO POPULAR SOBRE HABILITACIÓN DAS INSTALACIÓNS DESTINADAS Á CASA DA XUVENTUDE.**

Previa declaración de urxencia en forma regulamentaria, o Pleno da Corporación, por unanimidade, acorda a inclusión na orde do día para debate e votación da moción urxente presentada polo grupo municipal do Partido Popular sobre á habilitación das instalacións destinadas á Casa da Xuventude, no baixo do edificio situado na esquina de Hermanos Nodales con a avenida do Uruguay, que di:

#### **EXPOSICIÓN DE MOTIVOS:**

1.- O equipo de goberno do Partido Popular creou o pasado mes de agosto de 1998, dende a Concellería da Xuventude a Oficina de Información Xuvenil, indo as súas actividades máis alá das meramente informativas, desenvolvendo un amplo programa lúdico-cultural.

2.- Co ánimo de potenciar e incrementa-la programación xuvenil do Concello de Pontevedra, o goberno do PP encargou en maio de 1999 ós Servicios Técnicos a redacción dun proxecto de Casa da Xuventude sobre o local de titularidade municipal do edificio de rúa Hermanos Nodales, contemplando as suxestións do persoal responsable da Oficina de Información Xuvenil.

3.- Ó longo dos cerca de nove meses de goberno do BNG, o responsable da área de xuventude non fixo máis que continuar coas actividades iniciadas ou previstas pola Oficina de Información Xuvenil que constituíu o goberno do Partido Popular, freando este proxecto e impedindo a ampliación da programación destinada ó importante colectivo xuvenil deste concello, polo que nos tememos que esta actitude non responde máis que á tónica habitual do goberno do BNG de paralizar ou cerna-los proxectos do anterior goberno municipal.

Por todo o exposto, propónse o Pleno do Concello a aprobación da seguinte

#### **MOCIÓN:**

O Pleno da Corporación municipal de Pontevedra acorda desbloquea-lo proxecto da Casa da Xuventude, consignando unha partida presupostaria para executa-las obras no menor prazo de

tempo posible, para poder dispoñer dunhas instalacións dignas co fin de que a xuventude pontevedresa poida desenvolver as súas actividades.

Aberto o debate, intervén o portavoz do grupo municipal do Partido Popular, don Juan Luis Pedrosa Fernández, diciendo que evidentemente se presentó como moción de urgencia por cuestión de oportunidade, aprovechando la comparecencia del Concejal de Juventud que figuraba en el orden del día, en la exposición de motivos dice que el equipo de gobierno del Partido Popular creó en el mes de agosto de 1998, a través de la Concejalía de la Juventud, la Oficina de Información Juvenil cuyas actividades fueron mucho más allá de las informativas y desarrolló un amplio programa a lo largo de ese año y pico lúdico-cultural, con el ánimo de potenciar y de incrementar esa programación juvenil del Ayuntamiento de Pontevedra, el gobierno del Partido Popular encargó en el mes de abril o mayo de 1999 a los Servicios Técnicos la redacción de un proyecto de Casa de la Juventud sobre un local de titularidad municipal del edificio existente en la calle Hermanos Nocales, en el que se contemplaban en dicho proyecto todas las sugerencias del personal responsable de esa Oficina de Información Juvenil, a lo largo de los casi nueve meses de gobierno del Bloque el responsable del área de Juventud, como nos explicó hace poco, solamente lo que ha hecho es continuar esas actividades iniciadas o previstas ya por esa Oficina de Información Juvenil que constituyó el gobierno del Partido Popular y tiene que reconocer que funcionó francamente bien, pero han visto que han frenado este proyecto, que ha tenido una paralización impidiendo la ampliación de la programación destinada a este importante colectivo juvenil del municipio y el Partido Popular se teme que esta actitud responda a la tónica habitual del gobierno del Bloque de paralizar o de cercenar los proyectos iniciados por el anterior gobierno, por todo ello presentan a este Pleno la moción en la que piden que se desbloquee el proyecto de la Casa de la Juventud, consignando una partida presupuestaria para ejecutar las obras en el menor plazo de tiempo posible, para poder disponer de unas instalaciones dignas con el fin de que la juventud pontevedresa pueda desarrollar sus actividades.

A continuación intervén dona María Teresa Casal García, en representación do grupo municipal do Partido dos Socialistas de Galicia-PSOE, a cal manifesta que, en primeiro lugar, lle quería preguntar ó señor Pedrosa, se o que se deriva da moción e o que piden é que se desbloquee o proxecto para situar esa casa da xuventude concretamente neses locais ou se do que se está a tratar é de que se desbloquee o proxecto para ter unha casa da xuventude.

Volve a intervi-lo señor Pedrosa Fernández, diciendo que si se fija en la moción al final no se habla de ubicación, pues entiende que al día de hoy puedan existir mejores ubicaciones, aunque está un proyecto redactado por los Servicios Técnicos para ese, pero si después de actuaciones del gobierno del Bloque Nacionalista Galego aparece otro sitio distinto o

mejor, no tendría el empecinamiento de que sea allí.

Novamente intervén a señora Casal García, dicindo que esa era a súa dúbida, porque por suposto está de acordo en que se desbloqueen todos los proxectos de tódalas cuestións que poden favorecer neste caso á xuventude ou a calquera colectivo de cidadáns de Pontevedra e pensa que non sería preciso presentar a moción de urxencia se, como xa dixo antes a súa compañeira, o señor Concelleiro da Xuventude acudira a algunha das múltiples comisións que tiveron, na que non tivo o gusto de velo nunca, entón por suposto van votar a favor, aínda que volve insistir en que haberá que estudar en Comisión onde sería a mellor ubicación, porque indubidablemente pode haber outras máis interesantes que esa.

A continuación concédese a palabra a don Manuel Xesús Fontán Bouzas, en representación do grupo municipal do Bloque Nacionalista Galego, o cal manifesta que das dúas intervencións se deduce que é o normal no momento de chegar a un goberno, pois hai que tomar contacto e hai un proceso de reflexión, pero ten que dicir que en todo caso xa está tomada a decisión e dada o orde de continuar esa obra, que xa se está a facer, polo tanto alí estará a sede da Concellería de Xuventude e a oficina de información xuvenil, que é unha cousa que hai que clarificar, pois unha cousa é unha Casa da Xuventude e outra un Servicio municipal de Xuventude, unha Casa de Xuventude foi o que o Alcalde pediu no seu momento cando tivo a entrevista na Consellería e fixo unha proposta concreta para que a Xunta de Galicia a construíse en Pontevedra, pois neste momento hai unha absolutamente deficitaria que está dentro do Centro de Tecnificación Deportiva no Estadio da Xuventude e se lle propuxo a posibilidade dun solar municipal ou mesmo dun edificio para comprar polo Concello e que sexa rehabilitado pola Xunta para que Pontevedra teña unha Casa da Xuventude para actividades das diferentes asociacións xuvenís, por tanto son cousas diferentes que cre que está ben clarificar.

Toma a palabra o señor Alcalde dicindo que lle parece que a parte resolutive da moción sería conveniente clarificala, pois se do que se trata é de remata-las obras para a Oficina municipal de Xuventude están niso e polo tanto aprobarían esta moción e se é de solicitar da Administración da Xunta de Galicia que se constrúa unha Casa de Cultura tamén estarían de acordo, porque xa lla teñen solicitada, pero cre que non está moi clara e pediría ó señor Pedrosa que volvera a ler a parte resolutive.

Intervén a continuación o señor Pedrosa, dicindo que no tiene inconveniente en repetirlo y que la parte resolutive de la moción dice: el Pleno de la Corporación municipal de Pontevedra acuerda desbloquear el proyecto de Casa de la Juventud, consignando una partida presupuestaria para ejecutar las obras en el menor plazo de tiempo posible para poder disponer de unas instalaciones dignas con el fin de que la juventud pontevedresa pueda desarrollar sus actividades.

Novamente toma a palabra o señor Alcalde dicindo que entón

en vez de Casa de Xuventude será Servicio municipal de Xuventude e non teñen inconveniente ningún, porque non é unha Casa de Xuventude, que é un sitio onde se fan actividades xuvenís e que non ten que ver nada co Servicio municipal de Xuventude, pois son cuestións distintas.

Volve a intervi-lo señor Pedrosa Fernández, diciendo que el proyecto del que habla está redactado por los Servicios Técnicos y no sabe si allí figura Casa de la Juventud, pero lo puso creyendo que eso es lo que dice ese proyecto y evidentemente a lo que se está refiriendo es a ese proyecto del Partido Popular en ese bajo de la calle Hermanos Nodales.

Contestalle o señor Alcalde que se se refire concretamente ó proxecto da casa do edificio Proa está en execución e polo tanto se aproba a moción sen problema ningún por parte do grupo municipal do BNG.

Rematado o debate, o Pleno da Corporación, por unanimidade, acorda aproba-la moción nos seus propios termos.

#### **D) PREGUNTAS.**

##### **1.- PREGUNTA DA CONCELLEIRA DO GRUPO MUNICIPAL DO PARTIDO DOS SOCIALISTAS DE GALICIA-PSOE, DONA MARÍA TERESA CASAL GARCÍA, RELATIVA Á PEONALIZACIÓN DA ZONA MONUMENTAL.**

Manifesta que é coñecida a postura do grupo socialista con respecto ó tema da peonalización e que están de acordo con ela, pero tamén é sobradamente coñecido que este grupo nunca estivo de acordo nin coa forma nin nos tempos en que se fixo e desde logo agora non está de acordo coas consecuencias que parece que están a ter estas medidas tomadas dese xeito e feitas desa forma; están a ter contactos con moitos grupos de comerciantes da zona vella e o panorama que presentan é bastante abraiante, no sentido de que efectivamente parece ser que se están a perder empregos, que se están a pechar comercios e que se está a quedar aínda máis desertizada do que xa estaba a zona vella e, loxicamente, isto lles preocupa, como lles preocupa todo o que afecta a Pontevedra, que para iso están aquí, entón quere preguntarlle ó equipo de goberno, en primeiro lugar, se avaliou nalgún momento durante estes sete meses os resultados, que pensa que economicamente están a ser desastrosos para todos estes comerciantes da zona vella e, se fixo esa avaliación, se como consecuencia dela teñen pensado tomar algún tipo de medida, sexa de reforma ou de cambio de como está establecida a peonalización.

Contéstalle o Concelleiro responsable da Zona Monumental, don Xosé Cesáreo Mosquera Lorenzo, dicindo que agradece á señora Casal que provoque a oportunidade de falar sobre este tema nestes momentos, porque unha vez máis volve a haber sectores, grupos ou colectivos que o poñen sobre o tapete e cre que o tema ten a suficiente transcendencia como para estenderse sobre o asunto; cando se fixo a peonalización en Pontevedra, en agosto do ano pasado, fíxose dunha maneira extraordinariamente branda, non se coñece ningunha outra na que se concebira tan sumamente suave e que se botara a andar desa maneira e o pode dicir porque está en contacto, como é lóxico, con técni-

cos e incluso con algún Concelleiro doutras cidades, e está a ser absolutamente modélica, no sentido de que foi feita co consenso das directivas dos colectivos do centro histórico e dunha maneira extraordinariamente dinámica e suave, sen pivotes e sen poñer barreiras físicas e se estivo e continua a facer un seguimento casi diario de cómo funciona; cando se pon unha medida como a peonalización en marcha en tódolos sitios hai sempre unha primeira fase dalgún colectivo que mostra o seu rexeitamento, pode recordar mesmo en Santiago que houbo un rexeitamento moitísimo máis forte que aquí, e tamén ciclicamente, pois alguén mal orientado, pero en todo caso con todo o dereito do mundo, se pon ó frente e se dedica a recoller firmas, unhas veces con máis éxito e outras veces con menos, botándolle a culpa de todo á peonalización, porque se pechan un comercio porque se xubila o seu titular e non hai quen o suceda resulta que a culpa é da peonalización, se un cliente non compra porque se atende ben ou mal ou porque pode entrar ou non entón a culpa é da peonalización, incluso supón que se alguén colle gripe tamén é culpa da peonalización, entón se crean ese tipo de dinámicas que dan como resultado que en determinado momento caia desa maneira; parécelle que tódolos grupos políticos desta Corporación aquí neste recinto manifestaron clarísimamente o seu acordo á peonalización nunha asemblea cos veciños e o grupo de goberno tivo que botarlle a valentía de levala adiante porque se non ía se-lo último centro histórico do mundo en peonalizarse, cando tódolos sitios están xa practicamente, entón os grupos da oposición están a picotear a ver se produce desgaste, pois a medida lle parece ben pero que o desgaste o leve o grupo de goberno e efectivamente é a súa responsabilidade e a asumen; con respecto ás medidas que pode haber previstas, van todas asociadas basicamente ás obras que están nestes momentos en marcha, ben iniciadas, ben adxudicadas ou ben en trámites para adxudicalas, que son moitas, se vai cambiar durante unha temporada polo menos todo o tránsito polo centro histórico, que ese si que é un problema grave e non a peonalización tal como se concebide e o que lle pode dicir é que se está a seguir día a día, que é unha das cuestións que máis esforzos está a levar e cre que a concepción e funcionamento é modélica con relación ó que está a pasar noutras zonas e que en tódolos tecidos urbanos, ben sexa por obras ou por modificacións do tránsito, sempre hai resistencias ás modificacións e as veces moi fortes, pero se as resistencias hipertrofian caese no inmobilismo e cre que non sería bo para ninguén, pois ninguén está de acordo en non facer cambios; cre que é un proxecto que non é mérito exclusivo deste goberno e o que está a pasar no centro histórico é que estaba a morrer e evidentemente esa tendencia non se cambia en dous días, pero cre que co proxecto Urban, que a súa consecución foi mérito do anterior goberno e non lle doen prendas decilo, e coas actuacións que se están agora en marcha a tendencia se vai invertir, o que non quere dicir que se invirta en catro días e o que pode estar segura a cidadanía de Pontevedra

e os que viven no centro histórico é que, se tódolos proxectos que están en marcha se cumpren máis ou menos, no prazo dun par de anos ó centro histórico de Pontevedra non vai a haber quen o coñeza, pois vai a haber unha recomposición forte da actividade, que todos agardan que sexa para ben, e sempre que hai unha recomposición e uns cambios efectivamente hai resistencias, hai problemas, crean molestias as obras, etc., incluso a peonalización créalle molestias a outros sectores, pero están convencidos, non só o goberno senón cre que toda a Corporación, porque así o dixeron os representantes en mesas redondas neste mesmo recinto, de que nun par de anos o centro histórico de Pontevedra vai sufrir unha recomposición grandísima, vai cambiar absolutamente a súa imaxe, a súa dinámica e vai haber unha recomposición mesmo no comercio, quizá máis lenta pero agarda que a haxa, porque a tendencia era moi negativa e custa cambiala, pero está convencido de que se vai cambiar con esta e con outras medidas.

**2.- PREGUNTA DO PORTAVOZ DO GRUPO MUNICIPAL DO PARTIDO POPULAR, D. JUAN LUIS PEDROSA FERNÁNDEZ, SOBRE A PEONALIZACIÓN DO CASCO HISTÓRICO.**

Manifiesta que tenía outra pregunta practicamente en el mismo sentido, pero pediría al señor Mosquera que les aclare algo más, pues tanto el Partido Socialista como el Partido Popular dijeron en su momento que les parecía precipitada esa peatonalización, sobre todo coincidiendo con el traslado del Mercado de abastos e incluso con las obras de remodelación de las calles que se están llevando a cabo en estos momentos, no sabe si el señor Mosquera o el señor Alcalde tienen conocimiento de que ese malestar general ha llevado a una nueva recogida de firmas que está en este momento llevándose a cabo y que al día de hoy tienen más de 150 ó 160 de los 200 pequeños comerciantes que hay en la zona y el Partido Popular pregunta también si tienen pensada alguna medida correctora para paliar esas pérdidas del pequeño comercio en este período que puede durar dos años, en los que puede que cierren muchos comercios y a lo mejor el remedio llega tarde; esa peatonalización en la que todos están de acuerdo, lo que si cree es que no ha sido llevada a cabo en el momento justo y pregunta al equipo de gobierno si tiene pensado tomar alguna medida correctora durante ese período, que al final es lo que parece que piden también los vecinos, es decir, que mientras la Plaza de Abastos, que no cabe duda que es un foco de atracción de gente hacia la zona monumental, no esté nuevamente ubicada en su sitio, que se corrija de alguna forma.

Contéstalle don Xosé Cesáreo Mosquera Lorenzo, dicindo que se chega esa proposta estudarase, pero repite que está en contacto practicamente continuo con asociacións e comerciantes e efectivamente crea molestias, pero crea moitísimas máis vantaxes que molestias e pode suceder que algún sector obxetivamente estea prexudicado ou que lle vote a culpa de todo a eses males, pero haberá que estudialo; tamén o señor Pedrosa tivo no seu mandato algunha cuestión deste tipo, cre que era en Be-

nito Corbal que se lle rebaixaba o IAE ós comerciantes porque estaba en obras ou algunha situación moi semellante deste tipo, entón haberá que estudialo, porque comprenderán que non teñan previsto algo que se suscita hoxe, pois son previsores pero non tanto e desde logo están abertos a estudialo, aínda que non tivo ocasión de le-lo escrito oficialmente, pero escoitou afirmacións como que se está a investir todo no centro e tense abandonando o centro histórico, e todos saben que obxetivamente é unha barbaridade porque é xusto ó revés, pois se está investindo moito máis no centro histórico que en todo o resto da cidade, entón haberá que mirar que hai de obxectivo nesas afirmacións, estudiarán a realidade do comercio e non terá inconveniente ningún en mirar o que se vai facer, aínda que lle corresponda a Promoción Económica e non a el, pero se están a facer cousas e o saben todos perfectamente, porque no Urban hai nestes momentos unhas axudas para o centro histórico que non disfrutan outras zonas da cidade e ó mellor haberá que complementalas, pero haberá que estudialo.

A continuación intervén a señora Casal García para dicirlle ó señor Mosquera que se alegra moito do que di que dentro duns anos non se vai recoñer a zona vella de Pontevedra, pero pensa que ó mellor ese cambio tan maravilloso tería que terse empezado doutro xeito, non precisamente polo que está a prexudicar máis a esta xente, porque se está a falar practicamente de tódolos comerciantes desta zona e cando se atopen con que teñen que pechar e están eses locais outra vez cheos de pubs non sabe como se vai reconverter.

Contéstalle o señor Mosquera Lorenzo dicindo que non se empezou por aí, empezouse adquirindo o edificio do Pitillo, adquirindo e rehabilitando o Pazo de Mugártegui e isto é unha medida máis dentro de todo un proceso, que incluso aunque non o houbera cre que habería que facelo, empezouse pagando as subvencións ás fachadas, as subvencións á contratación, facendo cursiños de actualización e de fomento da actividade comercial, todo iso esta feito, á parte non é deste goberno senón do anterior, pero seguramente se non se estivera facendo nada igual se podía implanta-la peonalización e seguramente se non estivera este proceso en marcha as asociacións de aí non tiveran estado de acordo en botar isto a andar, pero non é certo iso que se está a estender, igual a base de repetilo a xente o cre, pero é falso, o Urban que é de 1996, empezou en 1997 e están as actuacións todas en marcha, pero non se empezou por aí, foi unha medida máis dentro de todo ese paquete, entón se dá unha situación moi sorprendente, que é que a zona de todo o concello que está primada como ningunha outra en obras, actuacións, policía, etc. todos son problemas, pero afortunadamente é tan bo o centro histórico que vai ser unha marabilla, pero parece que hai unha resistencia ós cambios tremenda que haberá que ir vencendo pouco a pouco, porque o obxectivo final cre que estarán de acordo tódolos pontevedreses en que vale a pena.

### **3.- PREGUNTA DO PORTAVOZ DO GRUPO MUNICIPAL DO PARTIDO PO-**

**PULAR, DON JUAN LUIS PEDROSA FERNÁNDEZ, SOBRE A VIAXE A MADRID DE DOUS CONCELEIROS/AS DO GRUPO DE GOBERNO E DUN TÉCNICO DA EMPRESA LAGARES INGENIERÍA, S.L..**

Manifiesta que quiere hacer una pregunta, porque entiende una presunta malversación de fondos el autorizar el pago de un viaje de avión a un representante de la empresa Lagares Ingeniería, S.L. con cargo a la partida presupuestaria 001.111.23000 correspondiente a dietas, locomoción y traslado de órganos de gobierno; revisadas las resoluciones de la Alcaldía correspondientes al mes de febrero por parte de los miembros del grupo del Partido Popular hallaron que en las resoluciones 1.055 y la 1.056 el Alcalde autoriza y dispone el gasto ocasionado de dos billetes de avión y reserva de hotel para uso de doña Carmen da Silva y don Cesáreo Mosquera y de un billete de avión para uso de D. José A. González Ferreira, representante de la empresa Lagares Ingeniería, S.L. por el viaje a Madrid para asistir a distintas entrevistas en diversos Ministerios, por un importe de 180.660 pesetas y en base a esto el Partido Popular quiere hacerle las siguientes preguntas: 1º- Si don José A. González Ferreira ha pasado a formar parte de los órganos de gobierno de este Ayuntamiento sin que lo haya apreciado ninguno. 2º- Si no es malversación de fondos públicos pagar un billete de avión a este señor, con el que el Ayuntamiento tiene contratada una asistencia técnica para la realización de un estudio y elaboración de un informe sobre el sistema organizativo del área de medio ambiente, y 3º- Si no considera el Alcalde que con un Concejil sería suficiente para realizar estos viajes y contribuir de alguna manera al ahorro en beneficio de las arcas municipales, algo que tanto desvelo le dio al Bloque Nacionalista Galego siempre, cuando además de no saber muy bien los resultados de esas gestiones o esos viajes, que si entiende que son necesarios, pero el importe en este caso de ese viaje entre vuelos, hoteles, dietas y el pago al señor Ferreira les ha costado a las arcas municipales 220.660 pesetas.

Toma a palabra o señor Alcalde para decir que lle parece absolutamente lamentable esta pregunta para un señor que foi Alcalde de Pontevedra durante catro anos e dálle a palabra ó señor Mosquera, responsable da área á que se fai referencia na pregunta.

Seguidamente intervien don Xosé Cesáreo Mosquera Lorenzo, dicindo que cando foi da viaxe a Castellón, que foron dous por aforrar, lles armaron un bo cisco por aforrar e agora resulta que o cisco non é por aforrar, e a verdade é que non sabe exactamente que poden facer, primeiro di que son necesarias estas viaxes pero despois sempre pregunta por elas dunha maneira absolutamente perversa, pero se se mira o que se gastou en viaxes o anterior goberno e máis este a comparación calquera a pode facer e o resultado estaría claro cal iría dar, pero é curiosa a perseverancia; o señor representante da empresa Lagares ten contratada unha asistencia técnica con este concello e, por exemplo, houbo Concellos como os do Morrazo que ha-



bendo conseguido cartos do POL, se cadra unha cantidade de 200 e pico millóns, evidentemente non tiñan dereito a entrar no POMAL, como Pontevedra non o tiña no URBAN, pero esta empresa foi a que logrou que tamén entraran no POMAL e conseguiran 500 millóns de pesetas e tamén que a Illa de Arosa entre no programa LAIF e cousas polo estilo, ou sexa que son uns técnicos que teñen bastante experiencia e capacidade para tramitar estes fondos, coñecen funcionarios e directivos dentro do Ministerio e se moven moi ben, pero está absolutamente convencido de que non é ese o problema, en todo caso, como o señor Pedrosa sabe, en tódalas viaxes está consultada antes a forma de pago con Intervención, que é quen fai as propostas de resolución e polo tanto a legalidade está absolutamente asegurada, pero lle parece absurdo falar disto, porque lle pode contar que ese señor por exemplo só cobrou os billetes de avión e estivo ata a tarde e a comida a pagou do seu peto e ía facer un labor que era interesantísimo cara a isto, pero o fondo da cuestión son dúas cousas, unha soltar que sempre haberá alguén... é dicir, por exemplo, contar unha serie de mentiras por se algo cola, e segundo, fundamental e moito máis preocupante, é interromper, molestar que se consigan cartos, que se xestione para este concello, polo tanto lle parece francamente lamentable, pois pódelle contar ó señor Pedrosa excursións súas ou dos seus concelleiros en que ían dous e máis un funcionario e ninguén dixo nada e non sabe se é malversación ou non ou se é politicamente moi relevante, pero pódelle dicir para que quede claro a onde foron comer e con quen comeron, non ten problema ningún en contar todo o que, é dicir, pegarse unha paliza de viaxe por Madrid dun lado para outro para ter nove ou dez entrevistas, unhas exploratorias, outras con resultados máis ou menos concretos e outras con certos visos de futuro, e no seu momento compareceu publicamente ante os medios de comunicación e dixo que fora o da asistencia técnica, por tanto este tipo de preguntas que non teñen absolutamente sentido ningún e é algo francamente triste que anden dando voltas con iso cando o saben perfectamente, pero primeiro di que é moi importante viaxar e cada vez que fan unha viaxe fai unhas preguntas, unha vez porque gastan demais, outra porque gastan de menos, unha porque van tres días e outra porque non van, polo tanto é malo de entender, en todo caso alá cada un coa súa responsabilidade e coa súa mala uva á hora de andar enredando con absolutas tonterías.

Volve a intervir o señor Pedrosa Fernández, dicindo que al señor Mosquera no le gusta que le pregunten y dice que mienten, pero está en las resoluciones de la Alcaldía que se le pague el viaje a un señor al que le tienen contratada una asistencia técnica y le parece fenomenal que sea buenísimo y que haya conseguido ayudas, pero para eso se le paga una asistencia técnica y con cargo a la asistencia técnica que viaje lo que tenga que viajar, pero si se le está pagando por una vía ¿por qué por otra vía y con cargo a una Partida de órganos de gobierno se le está pagando un billete de avión a este se-

ñor? y ¿por qué no se le pagó el hotel y la comida?, precisamente donde está la anomalía es en pagarle el viaje a un señor que tiene una empresa a la que se le está pagando un dinero por hacer un servicio y ahí es donde entiendo que puede existir una presunta malversación de fondos, que evidentemente lo hablará con los jurídicos correspondientes.

Novemente lle contesta o señor Mosquera Lorenzo, dicindo que, se o problema o circunscribe a iso, o que pode é pedir que o informe verbal que deu o señor Interventor con respecto a iso que o remita por escrito, pois cando preguntaron ó señor Interventor dixo que é perfectamente legal e non é só iso se non que é unha práctica habitual cando hai estas asistencias, por tanto lle pediría ó señor Alcalde que interese do señor Interventor que mande a resposta por escrito.

#### **E) ROGOS.**

##### **1.- ROGO DO PORTAVOZ DO GRUPO MUNICIPAL DO PARTIDO POPULAR, DON JUAN LUIS PEDROSA FERNÁNDEZ, SOBRE AS PANCARTAS DAS ELECCIÓNS.**

Manifiesta que está la ciudad llena de pancartas, sobre todo del B.N.G. e Izquierda Unida, y las elecciones ya pasaron hace quince días, por lo que ruega que se retiren porque está la ciudad perdida.

Contéstalle o señor Alcalde que ten toda a razón do mundo e que se tomarán as medidas pertinentes para deixa-la cidade limpa.

##### **2.- ROGO DO CONCELLEIRO DO GRUPO MUNICIPAL DO PARTIDO POPULAR, DON JOSÉ MANUEL FERNÁNDEZ RODRÍGUEZ, SOBRE RETIRADA DE FERROS PERIGOSOS NA AVENIDA DE BUENOS AIRES.**

Manifiesta que na avenida de Buenos Aires hai uns ferros fronte a Escola de Maxisterio, que no seu momento protexían unhas palmeiras e o outro día por casualidade pasando no coche viu que un neno cunha bicicleta caía sobre un deles, por tanto como pode ser perigoso rogaría que se eliminarán de alí se é posible.

Contéstalle o señor Alcalde que se tomaran as medidas pertinentes.

E non sendo outro o obxecto desta sesión ordinaria, polo señor Alcalde remátase a sesión ás doce horas e corenta minutos, de todo o que eu, Secretario, dou fe.

Visto e prace.  
O PRESIDENTE,

O SECRETARIO XERAL,

Fdo. Miguel Anxo Fernández Lores. Fdo. Julio Dapena Outomuro.